

IRIMIA

REVISTA DE CRENTES GALEGOS



A Humanidade **en pé de Paz**

Índice

07-11 **CONVERSA**
Falamos con Rafael Aguirre
Monasterio sobre a relación entre
cristianismo e política

12-13 **NESTE TEMPO**
Christina Moreira reflexiona sobre
o significado e os retos da aposta
cristiá pola Paz

14-15 **IRIMIA EN LILA**
Neste próximo 1 de Marzo as
revoltas das mulleres na Igrexa
volvemos sár á rúa

16-21 **EN PÉ DE PAZ**
Mapeamos os movementos
galegos e mundiais pola Paz, e
entrevistamos Koldobi Velasco

24-25 **VICIÑANZA ACTIVA**
En Santiago encontramos un
exemplo de compromiso solidario
coas persoas migrantes

26-27 **HABITAR EN COMUNIDADE**
Concha Sánchez apréséntanos as
Lavandeiras, un proxecto de
vivenda comunitaria na Coruña

O CARRABOUXO por Xosé Lois



IRIMIA

Edita: Asociación A. IRIMIA
Dende setembro de 1981

Consello de redacción: Daniel
López Muñoz, Miguel García
Nogales, Alba Ribas,
Christina Moreira, Marisa
Vidal Collazo, Rosa García,
Leticia Piñeiro.

Colaboran neste número:
Xosé Lois, Beatriz Cedrón,
Carlos Vázquez G., Mulleres
Cristiás Galegas Exeria,
Raquel Noguerol, Iago Vilar,
Miguel Fernández, Concha
Sánchez, Tania Salgueiros,
Lucía Santiago Díaz, Laura
Mellinas Barrios, Rubén
Aramburu, Víctorino Pérez
Prieto.

Corrección lingüística:
Maite Pérez

Maquetación:
Miguel García Nogales

Ilustración da portada:
Coletivo 46

Recepción de artigos:
asoc.irimia@gmail.com

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 450 exemplares

ISSN: 2172-9182

Imprime: Sacauntos
Cooperativa Gráfica

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica:
<https://irimia.gal>

Subscripcións:
689 858 197, no e-mail
irimia@irimia.gal e na web
<https://irimia.gal>

Ordinaria: 35 Euros anuais

De apoio: 50 Euros anuais

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001

2500 0078 9628

Feito en papel reciclado

Actividade
subvencionada
pola



Deputación
DA CORUÑA



Non se trata de
beneficencia,
senón dunha
maneira de
estar no mundo

Dilexi-te: Vivir, sentir e construír desde abaixo

“O contacto con quen non ten poder nin grandeza é un modo fundamental de encontro co Señor da historia”. Este é un texto literal e significativo da “Exhortación apostólica” que inaugura o papado de Robert F. Prevost, o Papa León XIV. Nese documento inaugural complétase un escrito inacabado do seu antecesor, o Papa Francisco.

Evidentemente o estilo, as imaxes e as referencias están marcadas por unha linguaxe vaticana ou maxisterial – cada xénero literario ten a súa-, pero o documento fai achegas de calado, tanto por *quen as di* como *polo momento no que se din*.

León XIV recupera formulacións da teoloxía da liberación como a da “opción preferencial polos pobres”, en quen, indica, “encontramos impreso o sufrimento dos inocentes”; e renova o concepto de pobreza e a súa diversidade: “a falta de sustento material, a de quen está socialmente marxinado sen instrumentos para dar voz á súa dignidade e capacidades, a pobreza moral e espiritual, a pobreza cultural, a de quen se encontra en condicións de fragilidade persoal ou social, a pobreza de quen non ten dereitos nin liberdade”. E no texto denúnciase a economía que mata, a falta de equidade que está na raíz dos males sociais, a violencia contra as mulleres, a desnutrición, e demándanse políticas inaprazables que garantan o dereito á educación ou o necesario acompañamento aos inmigrantes.

O máis decisivo, non obstante, é o lugar, a importancia que nun documento papal se lle outorga a esa categoría -“pobre” “pobreza”- na fe cristiá. A rotundidade coa que se afirma que “non estamos no horizonte da beneficencia, senón da Revelación”, é dicir, que non se trata dunha actividade benévola para o tempo de lecer, senón de algo central no fundamento e no sentido da experiencia vital, dunha maneira de estar no mundo, das causas que se apoian, da vida que se vive, do mundo que se soña.

Todo isto noutro contexto e noutro momento histórico sería importante, sen dúbida. Pero dicilo xusto agora no que o poder dos ultrarricos, o capricho narcisista dos poderosos, o militarismo e a “caza do inmigrante” están en todas as portadas resulta un exercicio de impagable profecía.

Beatriz Cedrón

11 DE ABRIL

Moncho Valcarce: compromiso e memoria en Alvedro



O 11 de abril en Alvedro, xantar e entrega de premios para honrar o legado do cura rebelde e a loita pola terra

Imaxe: monchovalcarce.org

O feito de nacer nunha familia ben posicionada da Coruña aló polo ano 1935 non definiu a traxectoria que había seguir a vida de **Moncho Valcarce**, o Cura das Encrobas. A súa vocación levouno ao seminario de Santiago, do que entraría e sairía un par de veces por discrepar coa formación que alí recibía. Distinta foi tamén a súa forma de concibir a igrexa, que abriu ao pobo como lugar para a conversa e como centro sociocultural.

Da Coruña urbana á Galiza rural: Sésamo, Sueiro (máis tarde As Pontes e Culleredo, onde foi concelleiro), de Santiago a Roma (onde toma forma a conciencia da súa identidade en relación a Galiza), da discrepancia coa formación recibida á loita ao carón do pobo, sinaladamente coas labregas e os labregos, e á súa implicación na política, a vida de Moncho incorporou de seu a defensa das clases populares e a loita contra o abuso de poder.

Ademais das Encrobas, onde se posicionou do lado da veciñanza para loitar contra o establecemento dunha mina de lignito, bregou ao carón de mulleres e homes en Baldaio contra a explotación da marisma, en Xove para

impedir a instalación dunha planta nuclear ou contra a cota empresarial que se pretendía impoñer sobre o traballo agrogandeiro.

A escolla dun camiño que cuestionaba o abuso de poder, a discriminación e a imposición aló onde for, dentro e fóra da Igrexa, tivo para el consecuencias en forma de multas, detencións, traslados e mesmo tortura.

Mais a pegada de Moncho quedou entre nós non só en forma de bustos, placas, nomes de rúas e de centros de ensino que levan o seu nome, senón tamén en persoas próximas a el que reivindicán a necesidade de recoñecelo como un dos persoeiros relevantes e significativos da Historia de Galiza.

En particular, a Irmandade Moncho Valcarce, foi creada para difundir a súa vida potenciando, coma el, a loita da sociedade civil organizada. Entre as súas actividades, a Irmandade entrega anualmente dous premios: Defensa da Terra e Promoción da Terra. Neste ano 2026, o xantar de irmandade e a entrega dos premios terá lugar o 11 de abril en Alvedro, nun acto aberto á participación libre da cidadanía.

14 DE MARZO

Ofensiva social en Compostela para salvar o galego

Queremos galego é unha plataforma que conforman distintas entidades e persoas a título individual que diante da situación que está a vivir o galego na actualidade (lembramos que en 2025, por vez primeira, o galego xa non é a lingua maioritariamente falada en Galicia) constitúese como ferramenta para a súa defensa. O que procura a plataforma é garantir a aplicación das normas vixentes, normalizar o uso do galego en todos os ámbitos e poñerlle freo ás políticas públicas que o acurralan contra a parede.

Para levar estes obxectivos á práctica, Queremos Galego puxo en marcha o que deron en chamar proceso social LINGUA VITAL, diante dunha realidade teimuda que porfía en demostrar que non só non se respectan os acordos e textos legais en materia de lingua, senón que mesmo se actúa contra deles.

Deste xeito, e diante da situación de emerxencia lingüística que denuncian, dende a plataforma optaron

por substituír o deixamento das funcións propias das institucións por un proceso cidadá no que lograron convocar a diversas entidades, crear varios grupos de traballo e recoller máis de 1000 achegas ao redor de distintos ámbitos: a calidade da lingua, os servizos públicos, o ensino, as novas tecnoloxías, sociedade e economía, medios de comunicación e cultura e acción exterior.

O resultado deste traballo recóllese nun documento onde propoñen unha serie de accións entre as que destaca a derogación do decreto da Xunta contra o galego no ensino, conseguir que o galego se converta en lingua vehicular e que se consolide como lingua predeterminada e plenamente operativa en todos os niveis administrativos. Estas foron as liñas xerais. O texto completo e definitivo presentarase nunha asemblea aberta que terá lugar o vindeiro 14 de marzo, ás 12 horas, na Praza da Quintana, en Compostela.

Palabra e Memoria: o rastro do galego nos nosos cemiterios

A Torre de Torés, que padeceu un derrubamento parcial como consecuencia das chuvias intensas de principios de ano, vólvenos traer a necesaria reflexión sobre a memoria que nos é común, a que nos axuda a construír o presente dende o pasado que outros e outras construíron antes ca nós. Torés non é o único ben patrimonial que padece un abandono flagrante que precisa dunha detida explicación. Está tamén a Torre de Caldaloba, a de Sobrada de Aguiar, o Pazo de Piñeiro, o Cruceiro de Abuín e moitos outros, testemuños do abandono de todo aquilo que teña reminiscencias identitarias.

Mais, como adoita acontecer, a acción comunitaria crea vías alternativas para actuar alí onde hai atrancos ou abandono. Unha delas, no eido patrimonial, é o proxecto **Palabra e Memoria**, que segue o rastro do galego nas inscricións funerarias, coordinado por Bernardo Penaba-

de. Baseándose na colaboración altruísta das persoas participantes, recóllense e catalóganse nunha base común as inscricións en lingua galega dos cemiterios do país. Na actualidade xa aparecen no proxecto rexistros da maioría das parroquias galegas. A información amósase nun mapa interactivo accesible a través da páxina web e das redes sociais de Palabra e Memoria.



Consulta o mapa de Palabra e Memoria para descubrir a pegada do galego nos nosos cemiterios e defender a nosa historia

<https://datawrapper.dwcdn.net/4HeuT/127/>

Carlos Vázquez G.

Europa, Europa!

“Entramos neste século sen compás”, dicíanos Amin Maalouf nos primeiros anos da centuria. O mesmo Maalouf que admiraba o proceso político e social da construción da UE.

O escritor franco-libanés destacaba como os europeos, tras a catastrófica primeira metade do século XX que deixou arredor de cen millóns de mortos, conseguiron construír, na segunda metade do século, unha unidade política, económica e social no seu continente, non pola canle violenta da conquista, senón polo vieiro pacífico de acordos políticos transnacionais. Respectando a independencia e soberanía dos Estados implicados, acordouse a cesión voluntaria de soberanía para xestionaren xuntos e democraticamente unha interdependencia inevitable nun mundo “globalizado”.

A complexidade dun proceso así é, por forza, complicada e lenta. Require de institucións políticas comúns orixinais e precisa dun prolongado tempo político para desenvolverlas. Por iso a UE é, aínda, un proxecto en construción, in fieri. Non obstante, os efectos sociais, económicos, políticos e culturais acadados son xa, hoxe, extraordinarios. De feito, malia os inevitables pasos adiante e atrás —como o brexit do Reino Unido, por exemplo— e as carencias ou deterioracións que tanto lamentamos e nos preocupan, a UE é, agora mesmo, a “rexión política” do mundo máis



Parte do desaparecido mural de Banksy realizado en contra do Brexit en Dover

nitidamente democrática, con grandes posibilidades económicas, cun maior grao de benestar e protección social da cidadanía e cun desenvolvemento técnico, científico e cultural extraordinario, moi diverso e plural. E todo isto vivindo un momento de debilidade, de notable desacougo.

Efectivamente, “entramos neste novo século sen compás” e, cumprido o seu primeiro cuarto, non damos atopado o norte.

O desenvolvemento das teses neoliberais leva, necesariamente, a aplicar ideoloxías e políticas autocráticas extremas. Tras a concentración brutal do capital económico e financeiro en moi poucas mans, as oligarquías financeiras tratan de se facer con todo o poder político e institucional dos Estados e de quebrar as institucións internacionais, co obxectivo de liberárense dos controis que as institucións públicas, nacionais e internacionais, poidan exercer.

Agroma así unha nova “orde” mundial que deteriora as democracias ata facelas desaparecer; que restablece unha sorte de neocolonialismo; que utiliza a ameaza e a violencia ante os conflitos; que busca a subordinación e a represión das maiorías sociais e que impulsa réximes autocráticos e ditatoriais.

Nesta pretendida nova orde mundial, a UE perdería sempre e ata podería disolverse. É certo. Pero tamén me parece certa a incapacidade radical desta “nova orde” para, sequera, afrontar os problemas fundamentais e vitais das sociedades actuais e futuras: desde garantir o benestar mínimo das maiorías ata a supervivencia da propia especie humana, pasando por xestionar as diferenzas e a igualdade entre as persoas e a convivencia pacífica entre os pobos.

Para todo isto, o norte non está no proxecto neoliberal, que nos arrepía, senón na liña política democrática e de benestar social que aínda hoxe representa e exerce a UE. Isto é o que acabará por imporse. O que non sabemos é o que nos vai custar. A todas e a todos.



Rafael Aguirre Monasterio é unha referencia internacional no estudo do cristianismo orixinario. Nado en Bilbao en 1941, estudou Teoloxía en Roma en pleno Concilio Vaticano II, e ten sido un pioneiro na aplicación das ciencias sociais á exéxese bíblica. Foi presidente da Asociación Bíblica Española e docente da Facultade de Teoloxía da Universidade de Deusto, onde o seu enfoque crítico e comprometido ten inspirado a xeracións de estudosos da Escritura. O seu último libro, "La utilización política de la Biblia", é a escusa para sentarmos a conversar con el sobre a relación histórica e actual entre cristianismo e política.

FRANCISCO É HOXE A REFERENCIA TEÓRICA DE ALTERNATIVA SOCIAL MAIS POTENTE QUE TEMOS CONTRA A ULTRADEREITA

MIGUEL:- No cristianismo hai -desde a miña percepción- unha quebra con esa identificación case total entre relixión e política que en tempos de Xesús estaba tan arraigada no xudaísmo. O Antigo Testamento está cheo de referencias a leis, reis e nacións, pero os Evanxeos non. E eu penso que Xesús non é aceptado polo xudaísmo da súa época, en grande medida, por esa separación da tradición do mesianismo político. Que opinas ti, Rafa?

RAFAEL:- Eu matizaría esa percepción túa. Na mensaxe de Xesús hai unha clara orientación política, desde o momento en que el utiliza a expresión "Reino de Deus". A mesma palabra "Evanxeo" provén da terminoloxía política do Imperio: era a boa nova consistente no anuncio da chegada dun novo César ao trono, ou dunha vitoria militar. Por iso, para aquela xente, esa palabra tiña unha resonancia política indubidábel.



O xudaísmo, por outra parte, era moi plural. Pero si que hai unha separación por parte de Xesús do que podemos chamar a liña macabea, que propugnaba a loita armada contra Roma. O Reinado de Deus do que fala Xesús non se impón através do poder político ou da forza militar.

M-: Mais ti dálle á expresión "Reino de Deus" unha interpretación política, no sentido de "estatal"? Eu interpreto o Reino de Deus -que Xesús afirma que xa está entre nós- como unhas novas relacións sociais baseadas no amor, mais non como unha proposta política no sentido da organización institucional do poder...

R-: Si, na mentalidade xudea -e tamén na de Xesús- o Reino de Deus implica unha transformación da realidade histórica. O que acontece é que Xesús non aspira a que esa transformación política se dea através da forza, nin da acción dun poder humano. El pensa que o Reino de Deus virá da mao de Deus- e ademais espéranos para un futuro moi próximo- mais ese Reinado non é algo puramente celestial ou etéreo, senón que suporía unha transformación histórica e das relacións humanas...

M-: Si, claro. Mais esa transformación ten que ser tamén institucional, no sentido en que afecte a estrutura do Estado?

R-: Si, ao Estado, ás relacións sociais e, por suposto, ao sistema relixioso, ao Templo. Supón unha transformación histórica. É importante insistir nisto fronte a unha

interpretación popular que entende o Reinado de Deus como algo puramente espiritual. Mais Xesús é un xudeu, e no xudaísmo estase a pensar sempre en que a intervención de Deus se realiza na Historia.

DANIEL-: A impresión que eu teño do proceso e o axuízamento de Xesús, de feito, é que el é acusado -tanto polo poder sacerdotal como polo poder político imperial- de utilizar termos como "Reinado de Deus", "Fillo de Deus" ou "Fillo do Home", que eran exclusivos do Emperador, e que Xesús inverte para referenciar con eles unha utopía política ou humana diferente, dotando eses conceptos dun valor alternativo.

R-: Claro, tal como Xesús o formula, o Reino de Deus implica un conflito co sistema de poder imperial vixente na Palestina do seu tempo, articulado polos romanos coa estreita colaboración dun poder vasalo comandado pola dinastía dos herodianos, e a aristocracia xudea tanto sacerdotal como laical. O conflito é frontal, porque o Reino de Deus se contrapón ao Reino de Cesar.

M-: Como debemos interpretar, neste contexto, aquilo de "ao Cesar o que é do Cesar, e a Deus o que é de Deus"?

R-: A Xesús preguntanlle: "temos que pagar o tributo ao César?". E Xesús comeza a súa resposta facendo énfase nalgo sobre o que non lle preguntaran: "dade a Deus o que é de Deus"... e despois ao César o que é do César. Máis importante que o César, son os dereitos de Deus. Na miña interpretación, o que fai Xesús é establecer un

"Todas as posicións no cristianismo orixinario comparten a idea de que cando o poder é imperial, ese poder está desbocado, é especialmente perigoso, e Xesús afirma que hai que pórle un couto"

límite moi claro ao poder do César, que non debe ser un poder imperial, absoluto e con tendencia expansiva. Xesús di que o César non é Deus, que ten un límite. É certo que fica aberta a cuestión de "qué é o que é do César?". Por iso no cristianismo orixinario encontramos actitudes moi diversas ante o Imperio Romano: dende os que consideran que ao César non se lle pode dar nada e que o que cómpre é un confronto radical, na linha do Apocalipse, até os que consideran que ao Imperio se lle pode manter un certo respecto e se lle pode obedecer sempre que non transpase certos límites, como por exemplo encontramos nas cartas pospaulinas. Posicións distintas ante o Estado que en último termo están condicionadas polas situacións en que se encontran as diversas comunidades. Pero todas comparten a idea de que é necesario limitar o sistema imperial de poder, porque cando o poder é imperial, ese poder está desbocado, é especialmente perigoso, e Xesús afirma que hai que pórle un couto...

D-: Iso é moi actual!

R-: Sumamente actual, por iso penso que hai que insistir: o poder imperial ten unha tendencia expansiva e despótica, porque non admite ningún tipo de límites.

D-: Por iso penso no importante que sería que determinadas autoridades morais e relixiosas do noso tempo quitasen a lexitimidade aos autócratas que queren ser os emperadores romanos de hoxe, como Donald Trump.

R-: Fíxate que os Imperios recorriron tradicionalmente a lexitimacións ideolóxicas e relixiosas, mais o que hoxe encontramos en Trump é o poder nu, sen necesidade de recorrer a lexitimación ideolóxica ningunha! E isto en medio dunha rivalidade entre varias potencias que aspiran todas a exercer un poder de tipo imperial: China e Rusia e EEUU. Mais insisto en que o chocante do caso de Trump é que temos un poder imperial nu, que non necesita lexitimación ningunha para afirmar que quere o petróleo de Venezuela e facer un resort en Gaza. Un poder ligado sen ambigüidades ao desexo de diñeiro. E estas son as dúas grandes tentacións humanas ás que se opón máis decididamente o Evanxeo de Xesús: o poder que submete ao ser humano, e a riqueza, que ao fin e ao cabo é tamén unha afirmación egoísta e insolidaria do

Eu fronte os demais. Quen teñen hoxe autoridade e responsabilidade relixiosa, deberían ser moi claros en reivindicar estes principios e denunciar estes atropelos.

M-: Mais esta connivencia entre cristianismo e poder vén de lonxe, desde a fusión no século IV entre Igrexa e Imperio...

R-: Si, aí o cristianismo tórnase a relixión do Imperio, e Roma pasa a ser un Imperio cristián. Iso, en grande medida, desvirtúa a orixinalidade radical do momento fundacional do cristianismo. E ao longo da historia o que vemos é ao cristianismo, con moitísima frecuencia, dunha maneira case que habitual, acomodándose aos imperios vixentes, utilizando as facilidades e as estruturas imperiais. Mais, de cando en vez, vemos tamén abrollos da orixinalidade cristiá! Abrollos que poden chegar a ser moi fortes, e que no seu momento causan un certo estupor, como San Francisco de Asís e outros. Para min, o Concilio Vaticano II ou o Papa Francisco foron iso: unha reivindicación da radicalidade orixinal do cristianismo.

Eu penso que non é posíbel sufocar completamente o Evanxeo. Aínda que a condición humana faga que languidez, e que sexa utilizado e manipulado. Hai unha pugna entre Satán, que -como se di tantas veces na Biblia- pretende ser o señor deste mundo, e o Reino de Deus que se abre camiño con moitas dificultades. Nisto tamén se insiste na Biblia, e ademais dise que o Reino de Deus vai abríndose camiño con moitas dificultades... "e os violentos o quitan do medio". Porque os Evanxeos sempre comparan ese Reino con realidades pequenas: con un grao de mostarda, con unha miguiña de fermento, con unha semente que é diminuta mais está aí, e ten moita forza, e de cando en vez abrolla. E iso é o que necesita a humanidade. Quen acreditamos no Reino de Deus pomos toda a nosa confianza en que o Evanxeo é ante todo un principio de transformación persoal e social, de transformación radical da convivencia humana.

M-: Eu, dunha perspectiva talvez máis anarquista que a vosa, teimo en perceber unha contradición entre cristianismo e Poder. Eu penso que o Satán ao que ti te referías agora é a personificación da ánsia de poder. Non por acaso, todas as tentacións ás que é sometido Xesús no deserto teñen que ver con isto. Por iso penso que



"O Poder tamén pode ser expresión do amor, na medida en que pode servir para organizar a convivencia humana dunha forma mais xusta e solidaria, confrontando a lei do máis forte mediante o control daqueles que son máis fortes"

cristianismo e política só poden ser compatíbeis desde outra concepción da política, entendida como a arte da construción e a defensa da vida en común, e non como a ciencia da conquista e o exercicio do poder. Penso que a orixinalidade do cristianismo radica nesa advertencia sobre o que é o poder e o seu exercicio, e portanto sobre o que é o Estado.

R-: É certo que o Diabo ofrece a Xesús o poder e a gloria, e Xesús rexeita isto. Mais eu diría que, aínda que existe unha tensión entre o cristianismo e o Poder, non se pode demonizar o Poder porque, mentres dura a Historia, este é unha expresión da limitación das relacións humanas. Mais é posíbel utilizar tamén o Poder para o Ben: o Papa Francisco ten afirmado que o Poder tamén pode ser expresión do amor, na medida en que pode servir para organizar a convivencia humana dunha forma mais xusta e solidaria, confrontando a lei do máis forte mediante o control daqueles que son máis fortes. O cristianismo vive na Historia, e debemos aceptar que poida haber unha utilización positiva do Poder, sen demonizalo necesariamente. Xesús non fica no deserto, como Xoán Bautista, senon que vive no mundo. E, con todas as contradicións, eu penso que é posíbel pensar nun Poder ao servizo da xustiza e dos desfavorecidos, aínda que recoñezo que iso é moi difícil, porque no Poder acubillan todas as ambicións e as afirmacións máis egoístas do propio Eu e dos grupos sociais. Mais non podemos renunciar ao Poder sen renunciar ao mundo e a vivir nel.

M-: Claro, vivimos nun mundo que é imperfeito, e no seu seo valémonos dunha ferramenta que tamén o é. Non podemos evitar facer política, pero eu creo que debemos recoñecer que o Poder nunca é santo, aínda que impoña o Ben. A grande tentación é pensar que coa forza do Estado podo resolver todos os males do mundo, sen importar os medios que utilice, e que portanto é lexítimo aspirar a un Poder tan grande que poida imporse a todo Mal. Non é Deus un exemplo dun todopoderoso que decide auto-limitarse en vez de converternos en marionetas que sempre obren ben?

R-: O Poder é, en todos os casos, expresión da limitación das relacións humanas. A utopía do Reino de Deus consiste na superación de todo Poder. Mais nós temos que aceptar que somos limitados e que vivimos en medio de limitacións. Por iso temos que recurrir ao Poder, non podemos deixar ese campo a outras forzas, mais debemos exercelo sempre con unha actitude diferente.

D-: O Poder é unha desgraza inevitábel -como tantas outras cousas- da existencia humana. O que debemos é procurar maneiras positivas, ou menos malas, de exercelo.

R-: Claro, e aí a clave son os límites. Un poder democrático que limite os poderes totalitarios, ou os

poderes imperiais. Sería moi positivo, por exemplo, que a ONU tivese o poder de limitar a forza dos imperios, e é unha desgraza que non o teña hoxe, que vemos os poderes imperiais afirmárense con unha forza que nos asusta.

M-: Un Poder que limite outro Poder soa ben -e eu non son capaz de propor unha vía realista mellor- mais non é esa a base da dinámica de bloques que alimenta o militarismo e a carreira armamentística? Como hai unha potencia que se está a armar até os dentes, parece necesario que outra se arme tamén até os dentes, porque se non non haberá quen poida pararlle os pés á primeira...

R-: Si, esa é unha dinámica que non podemos aceptar. Temos que procurar outros medios. A dinámica militarista, ademais, está ligada ao interese económico de alimentar a industria armamentística. É un engano pensar que esa é unha vía inevitábel e necesaria para contrarrestar outros poderes, un engano co que a realpolitik tenta encerellarnos, mais ante o que cabe unha actitude máis crítica e máis firme, por minoritaria que sexa.

D-: Mais ese discurso do desarme ten que ir acompañado doutras estratexias, como un esforzo por deslexitimar as autocracias desde o punto de vista político, moral e relixioso. No teu libro, Rafa, comparas o emperador Ciro con Trump, e é que cando este é capaz de afirmar que pode saír á 6ª Avenida e disparar alguén, e que a xente o seguirá votando, está a afirmar que el non está afectado polas normas morais, que está noutra dimensión, como se fose o unxido de lavé, a ferramenta útil de Deus para salvar América. É unha prepotencia tan burda que penso que sería fácil de atacar e desmontar, e que habería que facer un esforzo maior por expór as súas contradicións. O acontecido en Minneápolis, onde todo o mundo puido ver unha brutalidade inhumana contra os máis vulnerábeis, fíxolle politicamente a Trump máis dano que calquera outro dos seus erros.

R-: Concordo. Eu acho que a estratexia inspirada no comportamento de Xesús e dos seus primeiros discípulos debe fomentar a resistencia pacífica, a renuncia á violencia. Porque penso que estes valores poden ter unha influencia na sociedade capaz de transformala nunha liña humanizadora, que é do que se trata. A inercia da dinámica social é avanzar no militarismo e no choque de poderes, mais os valores evanxélicos van sempre contracorrente, porque do que se trata é de promover unha transformación moral e cultural da sociedade, revertendo a tendencia histórica. E eu creo que iso é posíbel. Que existen no ser humano unhas posibilidades de fraternidade, entendimento e paz que hai que fomentar a nivel cultural, prepolítico.

M-: Mais encontrámonos, por desgraza, con que o cambio cultural que parece darse entre a xente nova -acompañado dun certo renacer da estética ou do discurso relixioso- é cara valores reaccionarios e, a miúdo, agresivos.

R-: Si, estase a utilizar o cristianismo dunha maneira perversa, como por exemplo cando a extrema dereita utiliza a etiqueta do "católico" para reivindicar unha suposta identidade cultural europea ou occidental e oporse á inmigración. Cando a xenofobia é o máis contrario que pode haber ao Evanxeo de Xesus! Nalgúns sectores da xuventude, con pouca formación relixiosa, estase a dar unha emotividade relixiosa que parece moi moderna e, porén, é profundamente reaccionaria. Dáse unha utilización e unha manipulación do catolicismo para lexitimar posicións conservadoras, que tamén se ve alimentada porque os sectores máis democráticos ou de esquerda non teñen sabido valorar ben a importancia política do relixioso. Consideran que a relixión é algo anticuado, que pasou de moda... e non é verdade! E tal desprezo deixa todo ese campo para a dereita, o que supón un tremendo erro. Porque se reparamos no Papa Francisco, vemos que cando o Concilio Vaticano II se toma en serio xorden unhas virtualidades do punto de vista social, cunha eficacia e unhas aspiracións de alternativa social moi profundas. Por iso Francisco, que afirmaba que a economía actual "mata" e insistía na necesidade de defender o medio ambiente, tivo unha oposición tan dura nos EEUU. Ese corpus teórico, tan coherente, supón hoxe a referencia teórica de alternativa social máis potente que existe, no momento en que outras ideoloxías están en crise evidente e sen capacidade aparente de facerlle fronte á dereita e á ultradereita.

D-: Houbo un divorcio pendente de resolución, provocado por unha especie de pinza: dunha parte ese desprezo por parte da esquerda cara o relixioso, e por outra parte, desde o mundo relixioso, tampouco se elaborou unha teoloxía dixeríbel pola esquerda...

R-: Si, mais hoxe estase abrindo camiño -e até certo punto é oficial- un corpo doutrinal de enorme valor do punto de vista social, e que é profundamente crítico. Un exemplo recente é o discurso que deu en Xaneiro o Papa ante o corpo diplomático acreditado na Santa Sé: a pesar da linguaxe propia do discurso diplomático, a súa defensa clara do multilateralismo representa unha crítica clara ao poder imperial. Ou a doutrina social da Igrexa, que hoxe é un revulsivo e unha instancia crítica cunha capacidade enorme na sociedade occidental para facer fronte ás políticas da dereita e a ultradereita. Para min este é o cerne do que pode significar o Evanxeo nos nosos días, porque o que está en xogo son as relacións humanas, a fraternidade cos nosos semellantes. Paga a pena o esforzo de pór en valor e introducir socialmente esta doutrina e os valores nos que asenta.

Christina Moreira

A PAZ QUE SE DEBE NOMEAR

Como ser cristián na guerra sen deixar de selo?

“Todo os que levan espada pola espada padecerán”. Di Xesús de Narazet, no evanxeo de Mateo (26, 52), torturado e executado por ofrecer o Deus Amor á humanidade.

“Como podemos esperar que triunfe a xustiza se case que ninguén está disposto a entregarse individualmente a unha causa xusta? -dixo Sophie-. Que día tan lindo e soleado, e teño que marchar. Pero, que importa a miña morte se por medio de nós miles de persoas acordan e se mobilizan?”. Dixo Sophie Scholl, resistente antinazi guillotizada con 21 anos no 1943

Afirmar que seguimos a Cristo colócanos moitas veces nunha postura máis que incómoda ante a violencia, pequena ou grande, individual ou colectiva. Unha panorámica polos escenarios de conflitos bélicos activos hoxe no planeta, completada cunha mirada máis precisa nos nosos fogares, escolas, hospitais, á procura das chamadas *microviolencias* en contextos cristianizados, lévamos a constatar que non facemos moito caso desa frase.

Cóntanos o evanxeo que a frase de Xesús foi pronunciada cando un fato de soldados armados vén por el para arrestalo sen dicir sequera o que tiñan que reprocharlle. Prenden de seguido na imaxinación as escenas televisadas da xente berrando nas rúas, nas escolas e até nos hospitais, en USA, estes días do primeiro cuarto do século XXI; xente detida arbitrariamente, salvaxemente e até executada sen máis xuízo nin proceso.

Vénsenos a imaxe indeleble dese rapaciño gazatí, e de tantos máis, matado con menos piedade da que se usa para disparar a un coello no monte; a de Hind Rajab, asasinada no coche en que ía viaxando con outros 6 familiares, e xa asasinados ía berrando “¡Estou viva!” nunha chamada á Media Lúa Vermella que puido rexistrar os disparos que acabaron tamén con ela. Recomendo a película “La voz de Hind Rajab” da tunesina Kaouther Ben Hania, candidata ao Óscar porque fala do que se está a vivir aquí e agora.

Como seguidoras de Cristo, aquel que se deixou prender e que conviviu con xente que ía armada -non podemos pensar que non sabía que algúns dos seus amigos, zelotas, ían coa espada no cincho- mais que para el non quixo unha defensa que precisase das armas. A escena do prendemento de Xesús é toda ela unha lección de como vivirmos na persecución, e déixanos perplexos. Non podemos facer como se non nolo contasen.

Cantas somos as persoas seguidoras del e da súa ensinanza de palabras e feitos de vida que ficamos perplexas e desconcertadas pola súa reacción? Sabemos que Xesús botou unha boa parte da súa vida pública fuxindo de aldea en aldea “porque buscaban prendelo”. Certo que se pode interpretar como que non era o momento. Logo hai momentos, momentos para fuxir e momentos para deixarse prender? Cando cumpría, Xesús valíase do xenio, e ben que fica isto retratado no episodio biográfico -non é unha parábola ou xogo literario- ou a memoria do “vergallo feito con cordas de xunco” fabricado para envorcar as mesas dos cambiadores instalados no patio do Templo, antecesores dos modernos bancos e os estragos que fixo, as palabras que acompañaron a este xesto que por máis que fose profético carga cunha boa dose de agresividade.

Sen pararnos a analizar con detalle as dúas escenas podemos observar a simple vista dúas actitudes que poderíamos pór en espello. Xesús defendéndose a si mesmo, é dicir, non defendéndose en absoluto, e Xesús ante a inxustiza, neste caso polo agochamento de Deus, manipulado por intereses viles, monetarios, que fai que a xente pequena teña que pagar para acceder aos ritos do templo, á esfera divina, co menoscabo da súa imaxe de Deus que queda reducida á dun cacique que precisa de regalos para sentirse respectado e facer favores. Unha imaxe falsa que fai que o pobo non teña acceso ao Pai-Nai de misericordia total que Xesús veu a manifestar e que non se pode mercar nin manipular; un camiño cara ao sagrado, cara ao Amor, que se pecha e que pode ser unha das principais causas da violencia. Xesús está a defender



Nelson Mandela foi capaz de reconciliar un país ao cabo de case 50 anos de apartheid

os seus, as que non se poden defender.

Levamos milenios soportando guerras e malos tratos “no nome de Deus”, a todas as escalas. Desde o cura que che manda aguantar ao marido maltratador até o monxe que bendiciu as cruzadas ou os que bendín os canóns, até o chamado “pobo elixido” que considera que a súa supervivencia depende de exterminar a outro pobo. Esa impostura que rouba vidas é a mesma que deitaba do templo de Xerusalén e que cobrou a de Xesús a bo prezo.

Ante esa inxustiza caben, agora xa máis modernamente, máis de unha actitude sobre as que nos viría ben reflexionar, e facer oración. Sempre podemos ollar ao pasado para ver de procurar algo de luz, pois os procesos repítese unha e outra vez, e lévanos a pensar que algo fallou. Eis uns poucos exemplos.

Nelson Mandela, supervivente vencedor e vitorioso da violencia e do cárcere, foi capaz de reconciliar finalmente un país como presidente electo ao cabo de case 50 anos de apartheid. Previamente, a súa postura radicalmente a favor da protesta non violenta cohabitara cun apoio ideolóxico e estrutural a un grupo armado, chegando a fundar e comandar a organización guerrilleira Umkhonta we Sizweno 1961, un ano antes de ser arrestado por terrorista e encerrado durante 27 anos.

Na mesma década, Camilo Torres, cura e sociólogo, profesor na Universidad Nacional de Bogotá traballou pola paz partindo do principio do “amor eficaz” radicado no evanxeo; buscando vivir e difundir por todos os medios a hipótese de que o amor para selo ten que ser levado ás realidades concretas, sociais e políticas. Gustaba dicir que ese amor implicaba “enlamarse”. E así o fixo, concorrendo a organizar as estruturas e os principios que habían levar á revolución, até o punto de facerse finalmente guerrilleiro. Foi matado na súa primeira acción militar no monte; sen dar un tiro, mais onde venceu é na autenticidade do compromiso, na coherencia.

Outro coherente foi o pastor baptista Luther King. Di Jonathan Kuttab¹: «Martin Luther King Jr. encaraba os problemas de raza e de opresión baixo un enfoque

espiritual, e as solucións que propuña tamén o eran. Afirmaba que eses problemas non eran sen máis políticos, sociais ou económicos, e que, polo mesmo, moitas das solucións consideradas eran inadecuadas. Constatava unha disfunción espiritual dentro do sistema enteiro, unha doenza espiritual que se precisaba combater». Aquí atopamos unha pista que os dous primeiros tamén sinalaron: non vale loitar con armas contra as armas, senón que se precisa ir ao núcleo da violencia, á súa raíz profunda e espiritual, que non necesariamente a relixiosa.

Os analistas do metódico proceso de destrución do pobo e da terra palestina, mesmo chegando a querer borrar toda pegada del por parte da facción sionista do goberno de Israel, apuntan que o mal que produce... ese mal habita nas tripas, no máis escuro de persoas que non cren que poderían sobrevivir nin como pobo nin como individuos se non exterminan a todos os potenciais inimigos... aínda que anden en cueiros.

A reflexión apunta a que as armas non son, nunca foron nin serán o camiño para a paz. O reto está en atopar ese camiño mirando quizás onde non se espera, no corazón do ser humano sufrinte, sermos quen de facelo con cicatrices e feridas abertas; é canto temos.

Quede un amago de resposta nas verbas de Xesús que empregaba con frecuencia o verbo grego λαμβάνω, coller a espada na cita devandita, é o mesmo verbo que se emprega cando Xesús colle o pan na súa derradeira Cea, cando colle a copa. Será esa a súa arma, a proposta para nós, aí tan evidente e tan pouco vistosa e vista? Quedo con esa pregunta e súmome a todas as que van xurdir coa lectura deste artigo.

¹<https://sojo.net/biography/jonathan-kuttab>,

Jonathan Kuttab, cristian palestino e avogado especializado nos dereitos humanos, cofundador de Nonviolence International, director executivo de Friends of Sabeel North America [FOSNA] e autor de Beyond The Two-State Solution [mais alá da solución dos dous estados.]

Mulleres Cristiás Galegas Exeria

“ESTE É O MEU CORPO”

1 DE MARZO
REVOLTA DAS
MULLERES
NA IGREXA

A Revolta de Mulleres na Igrexa segue medrando e facéndose oír... Dos 8 grupos que iniciamos o movemento en 2020, hoxe somos xa trinta e tres consolidados e algún máis que se está a formar por toda a xeografía do estado. Hai mulleres en revolta en Alicante, Asturias, Badaxoz, Barcelona, Bilbao, Burgos, Cabra, Cantabria, Córdoba, Granada, Guipúscoa, Huesca, Xaén, A Ríoxa, As Palmas de Gran Canaria, León, Lugo, Madrid, Málaga, Menorca, México, Murcia, Navarra, Salamanca, Santiago de Compostela, Sevilla, Tenerife, Teruel, Valencia, Valladolid, Vigo, Vitoria- Gasteiz e Zaragoza.

Estamos coordinadas en cinco sectores (Norte, Centro-norte, Mediterráneo, Centro e Sur) Todas subscribimos as conclusións do Sínodo das Mulleres (www.catholicwomens-council.org/es) e, no encontro de estatal de 2025 en Ciempozuelos, referendamos entre todas un documento marco de coordinación no que, respectando as particularidades e procesos de cada grupo, nos apoiamos unhas ás outras para seguir avanzando. Temos un equipo coordinador de mulleres que mira cara adiante, poñendo futuro, pensando en todas, afianzando pasos que todas poidamos dar.

Un dos acordos é o de xuntarnos. Os anos pares facémolo por sectores e nos impares a nivel estatal. Así, o pasado mes de xaneiro tivemos a primeira xuntanza do sector Norte en Astorga. Alí xuntámonos mulleres de

Navarra, País Vasco, Cantabria, Asturias, León e Galicia. Viñeron como convidadas mulleres de Astorga e Palencia, entusiasmadas e con ganas de unirse. En febreiro xuntáronse en Burgos as do sector Centro-norte (Aragón, Ríoxa e Burgos). Son encontros que nos dan vida, nos que nos poñemos cara sen pantallas, nos celebramos e nos damos azos.

Temos unha data que nos une a todas: o Día da Muller, que celebramos o domingo anterior ao 8M para podermonos sumar aos actos convocados o día 8 polas plataformas feministas. Así, o 1 de marzo as revoltas saímos á rúa, ao pé das nosas igrexas e catedrais, nunha celebración común, baixo o mesmo lema e cartel, para reivindicar a igualdade na Igrexa.

Este ano a nosa reivindicación fixouse nos nosos corpos de mulleres, corpos de Deus, templos da Ruah, do Espírito. O lema elixido foi “Este é o meu corpo”

Con palabra, xestos e festa, celebramos e lembramos ás mulleres vulneradas, porque a pobreza ten nome de muller: as que cruzan fronteiras, as precarizadas nos seus salarios e traballos, as asasinadas e abusadas nas guerras e dentro dos seus fogares...

Na performancepuxemos no medio aos arquetipos de muller: a Virxe María e Eva, a pecadora. Ao longo do tempo, o patriarcado e o clericalismo impúxonos dous



modelos: virxe ou pecadora. O imaxinario colectivo obrigounos a situarnos nun ou outro destes dous polos:

- Submisa como a Virxe ou desobediente como Eva
- Casta e pura como a Virxe ou sensual e sedutora como Eva.
- Inxenua como a virxe ou desconfiada como Eva
- Compracente como a virxe ou inconformista como Eva
- Xenerosa como a Virxe ou ególatra como Eva
- Servil como a Virxe ou ambiciosa como Eva

O patriarcado clerical plastificou e cousificou os nosos corpos e encirrounos no enfrontamento entre mulleres: as Marías fronte ás Evas. No noso acto quixemos facer sororidade, recuperar os lazos que nos unen como mulleres e facer xustiza a Evas e Marías, lembrando como Xesús se achegou a nós, ás insignificantes, ás destinadas a existir nas marxes. Xesús tocou os nosos corpos diverxentes e non normativos cando tocou á muller dobrada. Non nos xulgou nin condenou cando lle puxeron diante unha muller adúltera. Púxonos no centro do escenario da Vida, facéndonos protagonistas das nosas historias de resistencia, na muller das hemorragias... Nós, as mulleres, aprendemos con Xesús a transformar as

nosas vidas vilipendiadas, a recoñecernos como 'fogar' da humanidade.

Queremos romper con eses modelos de muller que nos esencializan e nos converten nunha imaxe estereotipada. As mulleres somos rebeldes e xenerosas, ambiciosas e sagaces, confiadas e audaces. Somos lesbianas, heterosexuais e asexuais, somos casadas, divorciadas e emparelladas; somos corpo, lucidez, emoción e razón, concupiscencia e pracer. Somos fillas, somos nais, somos desexadas e desprezadas, sacrificio e tenacidade, persuasión e intelixencia, abrazo e xenreira, loita e descanso, aloumiño e coidado. Somos amadas e odiadas, bálsamo e comechón. Somos fillas do Deus humanidade, rescatadas nun abrazo trinitario que nos acorpa nas nosas loitas.

A Igrexa é muller, din os teólogos. É corpo de Cristo, dixo Paulo. A Igrexa é corpo que menstrúa, sangue derramado para dar a vida, para parir unha nova humanidade. Así, con pan e viño, con corpo e sangue, celebramos os nosos corpos nunha mesa á que homes e mulleres somos chamados.

Na celebración lembramos as palabras de Casaldáliga, e sentímonos chamadas pola luz da túa memoria, sinais cara ao Reino facendo Historia, en sororal e subversiva Eucaristía.

R.R.

QUEN SOSTÉN HOXE O PACIFISMO

Mentres moitos gobernos naturalizan a guerra como un horizonte inevitable, a sociedade civil galega reorganízase para impugnar o discurso do rearmamento. Cun tecido activo de arredor de 40 organizacións que teñen a solidariedade internacionalista e a obxección fiscal como eixos de resistencia, o antimilitarismo volve

“O discurso belicista calla cando se sementa medo”, advirte Óscar Valadares, voceiro de Mar de Lumes, unha das organizacións máis activas no eido antimilitarista. “A impunidade co xenocidio palestino ou os secuestros de dirixentes políticos amosan un mundo inestable, e iso xera temor. Pero tamén hai quen fai negocio dese medo, vendendo escenarios pouco realistas como unha invasión rusa de toda Europa”.

Valadares subliña que, malia todo, en Galiza “hai organizacións capaces de facer unha lectura correcta e mobilizar as rúas”, poñendo o foco na Plataforma Galiza pola Paz, que agrupa colectivos diversos cunha mensaxe común: máis armas non significan máis seguridade.

Desde Compostela, Anjo Amenedo, portavoz do Comité Anti-OTAN de Compostela (CAOC), coincide en que estamos ante un punto de inflexión. “No último ano percibimos unha preocupación crecente polo rearmamento e pola reconversión da industria civil en militar. A conciencia está a medrar”.

Amenedo vai máis alá e sinala directamente á Alianza Atlántica: “A OTAN é o brazo armado do imperialismo. Non é defensiva, é ofensiva. Se quixésemos seguridade, falaríamos dunha nova orde internacional baseada na soberanía dos pobos e na cooperación, non na imposición”.

Un dos debates centrais do momento é se o pacifismo

ocupar as rúas. Falamos con tres voces clave dese movemento, Mar de Lumes, Comité anti-OTAN de Santiago e Espazo Aberto Antimilitarista de Vigo que, desde posicións distintas, coinciden nun diagnóstico común: a política de guerra é tamén unha política contra os dereitos sociais.

pode convivir co dereito dos pobos á autodefensa. Para Valadares, a clave está en separar conceptos: “Defender a soberanía non implica asumir o marco da OTAN nin xustificar aventuras imperialistas”.

Engade, “non pode caer nas trampas retóricas das potencias”, e debe partir de dous principios: soberanía e ausencia de inxerencias. “Non hai receitas simples, pero si a obriga de non tragar relatos prefabricados”.

A guerra tamén se fabrica aquí

En Vigo, cidade industrial e portuaria, a conexión entre militarismo e economía é especialmente visible. Diego Lores, do Espazo Aberto Antimilitar, lembra que “a guerra non está tan lonxe como pensamos. Comeza aquí, nas fábricas, na banca que a financia, no silencio institucional”.

Lores defende a obxección fiscal ao gasto militar como ferramenta de desobediencia civil: “Non é evadir impostos, é desviar cartos da guerra cara proxectos sociais. Todas colaboramos co militarismo queiramos ou non, e todas podemos tamén negarnos”.

Sobre o argumento do emprego, é claro: “Apostar pola industria militar co caramelo do traballo é unha tolema que non podemos asumir sen espírito crítico”.

Valadares engade unha reflexión estrutural: “Non é

Os movementos internacionalistas e de obxección fiscal denuncian o uso do "medo" para desviar fondos públicos á guerra

LO GALEGO?

posible ser un país de paz sen cuestionar o modelo produtivo capitalista. O imperialismo é a fase que adopta ese modelo cando precisa novos mercados, e iso faise con armas".

Lonxe de ser un movemento nostáxico, o pacifismo galego amosa sinais de renovación. "A mobilización contra o xenocidio palestino é histórica", destaca Valadares. "Máis de 1.400 convocatorias en dous anos. Iso demostra que hai un pobo capaz de poñerse na pel doutro".

Amenedo ve aí unha oportunidade: "Ese movemento contra a guerra debe confluír coa defensa do territorio fronte ao espolio mineiro. Todo está conectado".

Economía de guerra, recorte social

As cifras falan soas. "Dos 800.000 millóns do plan Rearm Europe, a Galiza corresponderíalle achegar uns 4.800 millóns", calcula Valadares. "Con iso financiamos toda a sanidade pública un ano enteiro. Ou o ensino público durante dous. Para todo non dá".

E a pregunta segue sen resposta: "Ninguén explicou que se vai mercar nin como se vai pagar. Esa opacidade deberíamos combatela colectivamente".

Desfile militar

En maio de 2026, Vigo acollerá o Día das Forzas Armadas. Para os colectivos antimilitaristas non é un acto neutro. "Estes desfiles normalizan o militarismo", denuncia Anjo Amenedo. Lores lembra que "concellos e Xunta poderían negarse a acollelos, pero non o fan". A Plataforma Galiza pola Paz prepara accións para denunciar "un espectáculo que banaliza a guerra".

Ampliación de información en irimia.gal

MAPEO DE PACIFISTAS

Galicia

Plataforma Galiza pola Paz é o principal espazo de coordinación con máis de 30 colectivos:.

galizacontraaotan.gal

España

O centredelas.org e luchainternacionalista.org son os movementos que agrupan as grandes organizacións.

No mundo

progressive.international é un movemento que une organizacións da esquerda internacional xunto con blackallianceforpeace.com

KOLDOBI VELASCO

DEFENDER

A PAZ E A

DOZURA



Koldobi Velasco Vázquez é profesora asociada de Traballo Social da Universidade de Las Palmas de Gran Canaria. Activista polos Dereitos Humanos, participou na Caravana 'Abriendo Fronteras' a Canarias en 2021 e na Marcha Global a Gaza o pasado mes de xuño. É voceira da 'Red Canaria en Defensa del Sistema Público de Servicios Sociales' (Redesscan) e traballa polo desarme e a paz na 'Alternativa Antimilitarista.moc / Acción Directa no Violenta' en Canarias, que forma parte da 'Internacional de Resistentes a la Guerra'.

“Se contamos o persoal de control social, vemos unha estrutura militar esaxerada en Galicia, cunha presenza militar máis alta que a de persoas dedicadas á saúde ou á educación”

**Nietzsche dicía que “o patriotismo é a arte de convencer aos pobres de morrer polos ricos”
Que busca o movemento antimilitarista?**

Amparo Poch y Gascón¹ dicía: “sen prestar oídos aos himnos nacionais nin ao rebumbio que fala de falsos deberes patrióticos, pasemos con enerxía a defender a paz e a dozura”. O movemento antimilitarista é un movemento de accións colectivas. Buscamos cambiar as dinámicas de poder, visibilizando, perturbando, desobedecendo... Procuramos un cambio de paradigma onde seguridade e defensa non sexan definidas pola violencia e dominación, senón pola seguridade humana.

Queremos achegar alternativas á realidade capitalista, violenta, militarizada e totalmente destrutiva do ser humano. Apuntamos á abolición dos exércitos como un paso para a destrución das estruturas de dominación. Tamén queremos sacar o militarismo das nosas vidas xerando procesos de resolución de conflitos dunha maneira non violenta. A non violencia é a nosa estratexia sociopolítica e entendémola como un proceso revolucionario de cambio de valores, actitudes e estruturas que sustentan as inxustizas.

É importante desenvolver distintas vías no antimilitarismo: a concienciación e a persuasión, a non colaboración, a intervención non violenta a través de acompañamento, bloqueos, boicots e sabotaxes e a creación de alternativas. O noso obxectivo é acabar coa guerra, coas súas causas e con todos os procesos da súa preparación.

España entrou na estrutura militar da OTAN en 1999 “baixo capa de ben”. Ata onde chega a presenza militar do estado español no mundo? En cantos conflitos bélicos estamos implicados como estado?

Os países da OTAN consumen o 55% do gasto militar mundial, do que o 37% é so de Estados Unidos. A OTAN é o brazo armado do capitalismo e busca manter unha orde totalmente inxusta. O “malgasto” militar en España foi de 178 millóns de euros cada día no 2025. Unha boa parte é para financiar políticas de inxerencia militar e colonial. Máis de 3.000 militares están a participar en operacións militares no exterior en máis de 18 conflitos, cun gasto anual de máis de 1.400 millóns de euros. Nestas operacións adoita ir da man da OTAN, da Unión Europea ou de Nacións Unidas e serven para vixiar os intereses

comerciais, o saqueo dos recursos naturais de distintos lugares, así como a contención e a extensión das fronteiras de España por medio da represión.

Hoxe calquera formulación que teña que ver coa desmilitarización, o desarmamento e a cultura de paz pasa pola esixencia da saída da OTAN e tamén por unha contención e eliminación progresiva do gasto militar en España e no resto do mundo.

Esta presenza militar no exterior sostense cos nosos impostos. Falas de 178 millóns de euros de gasto diario no 2025. Que posto ocupamos en gasto militar a nivel mundial?

O gasto militar do Estado español é brutal. O gasto oculto en partidas doutros ministerios é de 33.120 millóns, porque hai gasto militar en 15 ministerios máis. Tendo en conta os gastos extraordinarios e a débeda pública que se vai xerando, que ascendeu a 14.893 millóns de euros, en total, no ano 2025 o “malgaste” militar foi de 65.015 millóns de euros. A política do medo, como a define Juan Carlos Roy², prevé que en 2026 se gasten máis de 80.000 millóns de euros.

Destacar que o goberno aprobou que nos consellos de ministros se puidesen aprobar programas de armas. Hai pouco aprobou 79 programas de armas con máis de 94.000 millóns de euros para construír e vender armas. Armas que serven para soste unha estrutura militar xigantesca e innecesaria en España, financiar políticas de inxerencia militar e colonial e ameazar a paz mundial. España ten o 3% de todas as vendas mundiais de armas.

Hai unha insolidariedade consubstancial ao gasto militar porque o gasto militar non é produtivo, non produce bens sociais. O que fai é detraer, roubar recursos que terían que ir para servizos públicos (sanidade, educación, servizos sociais, vivenda, xustiza,...) Xera unha débeda inmoral que pesa sobre a sociedade. Serve tamén para vixiarnos como inimigo interno porque os exércitos teñen unha dobre función: defender os intereses das transnacionais e da xente máis rica do Estado no exterior e vixiar ou reprimir a disidencia interna. Tamén nos impón un consenso que compromete o futuro, porque nos furta a posibilidade de elixir a nosa política de defensa. Isto fai moi difícil poder cambiar a estrutura do gasto militar.

Ti es canaria, nós galegas... Vivimos en zonas estratéxicas. Tes falado da excesiva presenza militar en Canarias, ligada á súa situación



Koldobi Velasco nunha acción antimilitarista en IFEMA, en 2025

xeográfica. E en Galicia? Como valoras a presenza militar no noso territorio?

Galicia é a sexta comunidade autónoma en presenza militar de todo o Estado español, con 7.079 militares. (datos do 2024) A maior presenza é en A Coruña, con 4.542 efectivos. Séguelle Pontevedra con 2.485. O 40% do total do funcionariado do Estado é militar ou ten que ver coa estrutura militar. Se lle engadimos o persoal de control social vemos unha estrutura militar esaxerada en Galicia, cunha presenza militar máis alta que a de persoas dedicadas á saúde ou á educación. Os territorios onde hai máis efectivos coincide cos territorios máis empobrecidos, con máis precariedade e exclusión social, zonas onde os servizos públicos son escasos e os dereitos sociais non se cumpren.

Máis militarización supón máis pobreza para un territorio, un maior risco de control social e risco de ser tamén obxectivo de guerra.

O próximo mes de Maio vaise celebrar en Vigo o desfile das Forzas Armadas, co que isto supón de propaganda militarista. Como valoras este feito? Que esconde?

É terrible este exercicio de naturalización da violencia e normalización do exército, á vez que unha maquillaxe que para nada representa as verdadeiras funcións que aparecen nas directivas de defensa do exército español: defender o status quo, as elites e os roteiros comerciais, o espolio e saqueo no exterior e a vixilancia, control e represión da disidencia interna. Esta propaganda militarista é un elemento máis de maquillaxe como a súa presenza na educación, na música, no deporte, nas festas,... unha inxerencia no noso imaxinario que case os converte nunha ONG, pervertendo o verdadeiro

significado dos exércitos: a violencia e o militarismo. O que esconde é unha maneira de imposición e de dominación na que vai prendendo a política do medo, a política de securitización. É unha forma de ir penetrando na vida das sociedades para esconder o seu verdadeiro sentido. O ano pasado celebrouse o Día das Forzas Armadas en Canarias. Nós desenvolvemos as nosas propostas antimilitaristas de denuncia na celebración. É moi importante responder, resistir e desvelar o verdadeiro sentido que teñen as Forzas Armadas nas nosas sociedades. Porque con esta política do medo na que vivimos querenos desmemoriadas, desesperanzadas e paralizadas

Outra das vosas reivindicacións é denunciar a “banca armada” Que é isto? Que bancos están implicados?

No negocio da guerra e da reconstrución hai un apartado moi importante que ten que ver co financiamento do gasto militar, a industria, a investigación e o comercio de armas. Todo isto móvese grazas ao financiamento de bancos vinculados co negocio da guerra. Tres de cada catro armas non poderían ser posibles se non fose pola banca armada. Esta é unha campaña en rede, aberta, que dirixe a súa mirada crítica ás inversións dos bancos. Facemos informes e investigacións, e participamos nas xuntas de accionistas denunciando a situación. Na banca armada están o Banco Santander, BBVA, la Caixa,... hai moitos bancos vinculados a esta situación. Nós facemos chamado a sacar os cartos deses bancos que colaboran coa guerra e cos xenocidios para que os nosos cartos non sexan cómplices. Convidamos a que a xente invista na banca ética, como FIARE, ou en calquera outra opción de crédito cooperativo como COP57.

As posturas antimilitaristas que ti subliñas teñen a súa raíz no feminismo, na loita contra o patriarcado. Podes explicarnos un pouco esta relación?

O militarismo mantén a orde de xénero, a orde patriarcal, e o patriarcado é a base dos sistemas militarizados a través do uso da violencia como única resposta na regulación de conflitos e con posturas de opresión e de dominación. Os feminismos que loitamos contra o patriarcado compartimos moitos elementos coas posturas antimilitaristas porque ambos son movementos emancipatorios que buscan unha vida sen opresións, onde realmente se poña no centro a sustentabilidade da vida e do planeta.

Está tan relacionado o militarismo co patriarcado que é moi importante que o antimilitarismo estea totalmente abrazado ao ecofeminismo, ao feminismo e á ecoloxía. Por iso é crucial subliñar que o antimilitarismo é feminista, e que ambos movementos compartimos a estratexia sociopolítica da non violencia.

Pódese pensar nun mundo onde os conflitos non se resolan de forma violenta? Podemos soñar en vivir seguros sen pasar pola militarización?

Di Carlos Taibo que o que non podemos é pensar nun mundo onde os conflitos se sigan a resolver de xeito violento, porque estamos a acabar co planeta, coa humanidade, a cooperación, a vida. Por iso temos que poñer xa en práctica o desenvolvemento dunha cultura de paz. É un proceso pedagóxico, persoal, colectivo, comunitario e social moi importante: buscar recursos económicos, ideolóxicos, culturais e humanos que avancen cara a procesos de empoderamento, que favorezan o decrecemento do poder militar e fagan medrar a seguridade humana. É posible, é divertido, é importante e é un chamado á supervivencia, a poder vivir ben en comunidade.

Esta Entrevista pódese escoitar completa en audio en Radio Manoplas, a radio do barrio de Coia (Vigo). Montaxe a cargo de Diego Lores Correa.

NOTAS

¹ Escritora e médica, antifascista e libertaria, Amparo Poch (Zaragoza 1902-Toulouse, 1968) foi co-fundadora en 1936 da revista *Mujeres Libres*.

² Roy, Juan Carlos, *La política del miedo: 80.000 millones de gasto militar para 2026*: www.grupotortuga.com/La-politica-del-miedo-80-000

A meixela dos abusados está lixeiramente inflamada

Daniel López Muñoz

Resulta que había homes malos. E saíron do armario. Ben, un respecto polo armario, ...saíron da caverna. Desatados.

Antes tiñan reparo. Vergoña, quizais? Bendita vergoña. "Hipócritas" -dicíamos- "Din democracia, pero pensan no coltán, no petróleo, no litio,....". E quedabamos tan a gusto co debate moral gañado, baixo un ceo protector anti-mísiles.

A que escenario se parece o momento actual?

Escenario 1. Europa 1989. Fin da guerra fría e da destrución mutua garantida. Democracias con benestar social. Abolición ou redución dos exércitos; desarmarse para amarse; flores si, balas non; resolución pacífica dos conflitos mediante regras do dereito internacional. Cambio cultural que cambiará todo o demais. Adeus guerra, adeus para sempre, adeus.

Escenario 2: Nicaragua 1976, tras catro décadas de represión, corrupción e brutal crueldade a ditadura de Somoza está debilitada pola loita armada da guerrilla. Ernesto Cardenal, poeta, sacerdote e místico é entrevistado na súa comuna de Solentiname. ¹"Ningunha guerra é xusta. -afirma- "Pero a loita de liberación ou a defensa dun pobo non só pode ser xusta, senón que non hai unha liberación inxusta". Repregunta: "Pero serías quen de coller un fusil e disparar contra seres humanos?" Resposta: "Nunca disparei, nin tan sequera a un paxaro, pero para defender a un inocente podería estar na obriga de facelo".

Escenario 3: 1936-1939. Golpe de estado militar contra a república democrática española e mil días de guerra incivil. Desde a subida de Hitler ao poder en 1933, británicos e franceses practican unha política de "apaciguamento", condescendente coas ambicións do nazismo e do fascismo. En agosto de 1936, Gran Bretaña, Francia, Italia e Alemaña asinan un acordo de non intervención na guerra civil española, acordo que só respectaron as democracias, pero non Hitler nin Mussolini, decisivos na vitoria de Franco. 35.000 pacifistas, incluída Simone Weil, se incorporaron ás brigadas internacionais. 10.000 morreron en combate.

Hai situacións que interpelan o noso pacifismo? Pola meixela propia non hai problema; pola meixela das vítimas da historia, poida que si.

Raquel Nogueiro e Iago Vilar, labregas de Meire

Produção agroecológica, soberania alimentar e Defesa da Terra

Uma experiência prática

Vivemos momentos de muito ruído no mundo agrário, as atuais mobilizações do setor primário contra a assinatura do acordo de livre comércio União Europeia-Mercosul trazem aos titulares dos meios de comunicação a questão da produção de alimentos e fazem que o conjunto da sociedade escoite conceitos como o da Soberania Alimentar, escoite a agricultoras e gandeiras falar de competência desleal, da seguridade e da qualidade dos alimentos que pomos cada dia nos nossos pratos, de como se produzem, de que normativas sanitárias e sociais hai na Europa e quais hai no Mercosul. Muitos conceitos, muito ruído. Rio revolto, ganancia de pescadores.

E momento de pararmos a reflexionar sobre o modelo de produção, distribuição e consumo de alimentos que o sistema capitalista, na sua fase neoliberal vigorante, ainda que também em profunda crise, tem desenhada para todas nós. É importante começar por destacar que o sector primário não é para nada um sector monolítico e que como qualquer outro sector económico está atravessado por importantes contradições de classe, nacionais, de género e de relação Norte-Sul. De não compreendermos isto não alcançaremos a compreender como agem os distintos sectores no marco desta crise.

As políticas agrárias da União Europeia estão desenhadas desde o marco da famosa PAC (Política Agrária Comum), nascida inicialmente no período após a Segunda Guerra Mundial pretendia garantir o subministro de alimentos a população europeia, apostando na lógica produtivista da Revolução Verde: Agricultura baseada na mecanização, no mono-cultivo, na especialização

produtiva e na utilização de adubos químicos, pesticidas de síntese, antibióticos e rações compostas para os animais. A produção de alimentos foi ficando em cada vez menos mãos. Consequências? A ruína das pequenas agricultoras europeias incapazes de produzir aos custos que a economia de escala sim permite, agricultoras dos países do sul arruinadas pola entrada nos seus países de produções da agro-indústria europeia a preços mais baixos e consumidoras em toda a parte consumindo produtos de baixa qualidade distribuídos polos gigantes da distribuição alimentaria mundial.

Na Galiza este processo resultou na alta especialização produtiva entorno a produção leiteira e cárnica de vacuno e na importante presença de gandaria sem terra de porcino e avícola. Este modelo fomentou a presença de explorações cada vez mais grandes, mais tecnificadas, mais necessitadas de capital e atendidas por cada vez menos pessoas. As zonas onde este modelo não se adaptava, pola própria configuração do território ficaram a ermo e a sua povoação foi-se embora a emigração. Este e o marco geral que explica a paroquia de Meire, no concelho de Alhariz onde nós iniciamos a nossa aposta produtiva.

Trás um periplo por várias projetos agroecológicos em diferentes lugares, dentro e fora da Galiza, decidimos iniciar o nosso próprio caminho. Por circunstâncias diversas demos no Concelho de Alhariz e asinha vimos claro as potencialidades da zona para a ganadaria extensiva: muita terra abandonada, escasso numero de explorações a funcionar na zona. O território abandonado



Porcos celtas da exploração agroecológica de Raquel e lago em Meire

tem muito potencial mas é pouco produtivo inicialmente. Precisávamos animais rústicos e adaptáveis, capazes de se desenvolver bem no exterior, pois também não havia capital para investir em instalações, capazes de transformar esses pastos pobres em alimentos sans e de qualidade e ao mesmo tempo que nos ajudassem no processo de recuperação das terras aumentando a sua fertilidade, a vaca Cachena era a raça que cumpria com melhor com todas as nossas premissas.

Daí iniciamos o processo, por uma parte de tratar com as vizinhas para que nos cedessem o uso da terra que necessitávamos, isto com a ajuda de companheiras já estabelecidas na paróquia e colaboração do Concelho. Esta parte foi difícil, mas podeis estar certas que resulta singela comparada com o trabalho de lidar com essa estrutura de destruição planificada do meio rural auto-denominada Conselharia do Meio Rural. Hoje estamos aproveitando perto de 100Ha, a maioria de monte, todas elas cedidas por particulares. Ao se ver o trabalho feito o acesso ao uso da terra torna-se mais doado, sem ser um caminho de rosas pois estamos numa zona onde existe certa pressão turística e imobiliária e tendo em conta que esse uso sempre e em cessão e de palavra e portanto precário.

Por contra a questão de tratar com a CMR, e outras como Fazenda ou a Segurança Social sempre foi um caminho tortuoso, e cada dia é mais difícil, absorve mais tempo e resulta mais desgastante; são estruturas rígidas, mastodônticas, culturalmente alheias, cheias de preconceitos anti-labregos e fundamentalmente

incapazes de compreender e valorar nem as dificuldades que temos nem a beleza imensa do nosso dia-a-dia. Mas fundamentalmente negam-se a entender que nos não somos empresárias, que somos produtoras de alimentos sans e de qualidade e que queremos fazer que cheguem ao nosso povo a preços justos para ambas partes. Por aí que se construi a Soberania Alimentar. Por isto é que apostamos desde o inicio na venda direta da carne que produzimos as pessoas consumidoras e que trabalhamos em colaboração com outras produtoras para conseguir que os produtos locais como o nosso cheguem por exemplo aos comedores escolares da zona.

Continuando nas mesmas lógicas de aproveitamento da terra e de aproveitamento das virtudes das raças autóctones das que falávamos ao principio, este ano começamos com a cria extensiva de porcino, e coa raça Porco Celta o que nos permite diversificar a origem dos nossos ingressos e ao mesmo tempo ofertar mais produtos já não apenas frescos mas também elaborados num futuro próximo.

Produzir alimentos no País e para o País é uma necessidade imperiosa e uma aposta estratégica inescusável, fazê-lo em zonas de forte abandono tem ainda uma importância maior, pois a vulnerabilidade destas zonas ante projetos de depredação energética, mineira, macro-granxas etc. é ainda maior e a presença de labregas e labregas organizadas é fundamental para resistir quando este tipo de agressões chegam.

Assim que nada, o povo a produzir para o povo, juntinhas por e para todas. Saúde e Terra.

Miguel Fernández, do Foro Galego de Inmigración

Tecido veciñal activo pola acollida e a defensa dos dereitos

Rede veciñal de apoio ás persoas migrantes de Santiago de Compostela

QUE É? A rede está formada por persoas de todo tipo que, de maneira informal, se coordinaron para botar unha man ás persoas migrantes que forman parte da nosa sociedade, fomentando a convivencia intercultural e o apoio mutuo.

COMO PARTICIPAR? Cada persoa chega o seu tempo e saberes cando pode e como pode, polo que o nivel de implicación é flexible. Pódese contactar a través do whatsapp ou dos teléfonos no 616871886 (Isa) ou 687 368 314 (Mari Fidalgo). Tamén no correo: redvecinaldeacollida@gmail.com. A rede coordínase a través dunha comunidade en whatsapp e asembleas mensuais. Na comunidade de whatsapp hai un grupo xeral e subgrupos por temáticas. Cada participante da Rede elixe en que subgrupo(se) quere estar. Por aí avísase das distintas necesidades que van xurdindo, a persoa que nese momento pode participar avisa e repártense as tarefas. Os subgrupos son os seguintes:

> **Acompañamentos:** Facílitate o proceso de integración ao acompañar de maneira puntual a persoas para que poidan facer tarefas sinxelas e evitar as posibles discriminacións por racismo que tristemente seguen existindo. Pode ser ir ao banco, a realizar trámites burocráticos coa administración, ao médico, a unha entrevista laboral...

> **Vivenda:** Axúdase a localizar pisos ou habitacións en

alugueiro, vístanse coas persoas que necesitan o aloxamento e axúdaselles a revisar os contratos e ver as necesidades. Tamén se recolle roupa de cama e utensilios de cociña para axudar nese primeiro paso cara á creación dun fogar cando é necesario.

> **Traballo:** A procura de emprego é algo especialmente complicado para as persoas migrantes, pois aínda tendo toda a documentación en regra e o permiso de traballo activo, hai moita falta de experiencia e desinformación no proceso de contratación. Normalmente actuamos en colaboración con outras entidades como a Plataforma polo Emprego ou o servizo de Emprego de Cáritas.

> **Formación:** Agrupa a persoas que botan unha man coa aprendizaxe do castelán. Non é necesario ser docente nin ter experiencia, pois temos materiais e fichas de CEAR que fan que soamente sexa necesario coñecer o idioma para acompañar o proceso.

> **Casas amigas:** Para acoller de maneira puntual en casa un día ou dous a persoas que o poidan necesitar. Habitualmente só se lles brinda aloxamento, dado que para a alimentación úsase o recurso da Cociña Económica. A través dun chat de whatsapp avísase cando xorde a necesidade e a persoa que pode acoller nese momento confirma a dispoñibilidade. Adoitan ser mozos que quedan fóra dos dispositivos de Protección Internacional e que non contan con praza neste momento nos recursos

“Na Rede Veciñal de Santiago, as persoas autóctonas toman acción para cambiar esas dinámicas inxustas e para defender os dereitos das súas veciñas e veciños migrados”



de acollida da cidade. A acollida en Casas Amigas dáse por tanto ata que queda libre unha praza no albergue ou ata que se pode facer cargo Servizos Sociais ou algunha outra institución. Desde a Rede Veciñal destácase o enriquecedor da convivencia para ambas as partes, creando lazos que nalgúns casos chegaron a ser de amizade ou familiares.

> **Transporte:** As persoas que teñen coche tamén poden axudar en transportes puntuais cando por exemplo hai entrevistas laborais fóra da cidade en sitios onde non hai transporte público, ou cando é necesario trasladar moita equipaxe.

COMO XURDIU? En outubro de 2024 varias persoas de Santiago e doutras localidades galegas comezaron de forma espontánea e solidaria a botar unha man a algúns dos mozos migrantes que quedaban na rúa ao recibir denegación da súa solicitude de Asilo e Protección Internacional. Os recursos de acollida temporal para aloxar a persoas migrantes das ONGs como Rescate carecían de redes suficientes de apoio no territorio e, a pesar de que a maioría dos mozos marchaban das localidades ou tiñan xa traballo e aloxamento, algúns quedaron en situación de total desamparo por non ter

activado aínda o seu permiso de traballo ou por estar realizando algún curso de formación na cidade sen dispoñer de aloxamento.

A solidaria resposta da xente de Santiago fixo que de maneira natural se fosen creando conexións entre as persoas que acollían a estes mozos de maneira temporal nas súas casas, acompañábanos a Servizos Sociais, ao Albergue de Xoán XXIII ou a outras institucións. Moitos deles comezaron a ser atendidos pola Plataforma polo Emprego, e outros recursos, a nivel de apoio laboral. Aos poucos a rede foi crescendo e coordinouse co sistema de acollida da cidade xa establecido con anterioridade, tanto coa parte municipal a través de Servizos Sociais, e especialmente a través do Servizo de Mediación Intercultural da Unidade de Atención ás Migracións (UAMI) que supuxo un impulso á Rede organizando actividades de encontro e formativas, ademais dos acompañamentos directos.

Tamén fomos coordinándonos con espazos como o Foro Galego de Inmigración e outras entidades socias, así como con Cáritas e o Albergue de Xoán XXIII do Convento de San Francisco.

A Rede Veciñal segue avanzando mostrando o maravilloso resultado da convivencia intercultural. Tamén supón un espazo de toma de conciencia sobre as inxustas políticas migratorias, as discriminacións diarias e o racismo institucional e sobre a importancia de que as persoas autóctonas tomen acción para cambiar esas dinámicas inxustas e para defender os dereitos das súas veciñas e veciños migrados.

Ademais das cousas que xorden por necesidade, tamén se fomenta a realización de actividades puntuais de convivencia, organizando eventos festivos, culturais e deportivos. Estas iniciativas supoñen un espazo para o coñecemento mutuo e para o fortalecemento das redes comunitarias de convivencia, funcionamento como estratexia de prevención e de resistencia contra os discursos de odio e condutas racistas.

Tamén destacamos o valor desta iniciativa, pioneira no territorio galego, como experiencia de autoorganización e traballo comunitario para poñerlle freo e contrarrestar os discursos de odio, promover concienciación e sensibilización social sobre o funcionamento das políticas migratorias e o racismo institucional e para nutrir lazos de convivencia intercultural enriquecedores.



Concha Sánchez

Habitar en Comunidade

O soño das Lavandeiras de construír un fogar cooperativo e diverso na Coruña

Estimadas lectoras e lectores de Irimia, traio aquí o noso proxecto de vivenda colaborativa. Aquí na Galiza é algo novo, pero non o é nin en Dinamarca e outros países nórdicos, nin en Uruguai dende hai máis dun século, e dende e hai varios anos en Cataluña e en Madrid. E quizais recordaredes algún documental na tele sobre o tema. Nós quixemos facelo na Coruña, con xente diversa en idades e profesións, pero unida polos mesmos principios de como é mellor para nós habitar.


Na Coruña está a tomar forma un proxecto pioneiro que supón unha alternativa real ao mercado inmobiliario tradicional: As Lavandeiras, un edificio cooperativo de vivenda en réxime de cesión de uso que promovemos dende a cooperativa cidadá Outra Forma de Vivenda (OFV). Nun momento no que o acceso a unha vivenda digna se converteu nun dos maiores problemas sociais, especialmente para persoas novas, maiores ou familias con ingresos medios e baixos, esta iniciativa propón un modelo que garante estabilidade, accesibilidade e participación democrática. As Lavandeiras non é só un edificio, senón unha aposta por unha maneira distinta de entender a vivenda e a cidade, baseada na cooperación, na sustentabilidade e na consideración da vivenda como un ben de uso e non como mercadoría.

Historia do proxecto

O mercado da vivenda na Coruña, como noutras cidades galegas, está marcado pola escalada de prezos tanto no

alugueiro como na compra. Moitas persoas ven limitada a súa autonomía por non poder acceder a un fogar en condicións dignas e adaptado ás súas necesidades. Ao mesmo tempo, a vivenda converteuse nun ben de investimento e non nun dereito fundamental. Nacemos no 2015 como asociación e constituímonos no 2020 en cooperativa sen ánimo de lucro, como resposta a este problema e coa vocación de repensar o xeito no que habitamos. Desde entón, vimos traballando en difundir e poñer en práctica o modelo de vivenda cooperativa en cesión de uso, inspirado en experiencias xa consolidadas en lugares como Dinamarca ou Barcelona. Neste percorrido vital, desenvolvemos talleres, xornadas e procesos participativos que deron forma a unha comunidade sólida e comprometida. En xullo de 2025, logo de presentarnos ao concurso para unha parcela municipal no barrio de Xuxán, gañamos a concesión coa proposta arquitectónica que desen-volvemos conxuntamente con Hábitat Social e o soño empezou a converterse en realidade baixo o nome de As Lavandeiras.

Na actualidade, atópase en fase de desenvolvemento do proxecto básico, coa previsión de avanzar cara á execución nos próximos anos. O camiño ata aquí demostra que a constancia e a organización cidadá poden abrir novas vías fronte ao modelo especulativo dominante. A finalidade é clara: pór en marcha un modelo que garanta o dereito á vivenda, e que permita ás persoas participantes autoxestionar o proxecto e contar con prezos estables e accesibles durante toda a súa estancia nas Lavandeiras.



Que é a vivenda cooperativa en cesión de uso

A cooperativa é a propietaria do edificio, o que significa que non existe especulación posible: as vivendas non se poden vender nin converter en patrimonio individual. As persoas socias non “posúen” a vivenda, pero teñen un dereito de uso mentres dure a concesión do dereito de superficie, o que lles garante estabilidade ao longo da súa vida. As decisións sobre a xestión, mantemento e futuro do proxecto tómanse de maneira democrática, asegurando unha implicación real das persoas que o habitan. Este sistema, recoñecido legalmente a través da figura do dereito de superficie, garante a permanencia do modelo e impide a súa transformación en vivenda privada. No caso concreto da parcela de Xuxán este dereito é de 50 anos. O modelo sitúase entre o alugueiro e a compra, pero funciona cunha lóxica distinta. As persoas socias da cooperativa realizan unha achega inicial máis accesible que a entrada dunha hipoteca e aboan despois unha cota mensual estable, fixada a prezo de custo e non sometida ás subas do mercado. Esa combinación permite que a vivenda sexa realmente alcanzable para a maioría.

Os valores que inspiran As Lavandeiras

O proxecto sostense sobre unha serie de principios que van máis alá da construción dun edificio. No centro está a idea de vivenda digna e alcanzable como dereito fundamental. A iso súmase a vontade de crear comunidade, fomentar o apoio mutuo e compartir espazos e experiencias que melloren a vida cotiá.

A autoxestión é outro dos piares: as persoas socias non só acceden a unha vivenda, senón que participan activamente na definición, desenvolvemento e funcionamento do proxecto. Isto xera un forte empoderamento colectivo e individual.

Por último, As Lavandeiras pon o foco na sustentabilidade. O respecto polo medio ambiente materialízase tanto no deseño arquitectónico como no uso de materiais e sistemas enerxéticos eficientes, reducindo a pegada ecolóxica e favorecendo un modelo urbano máis responsable.

Impacto social e comunitario

As Lavandeiras pretende ser moito máis que un proxecto residencial. O seu obxectivo é demostrar que é posible vivir de maneira diferente, baseada na cooperación, na solidariedade e na corresponsabilidade.

Ao facilitar o acceso á vivenda a prezos xustos, ofrece unha resposta concreta a un dos maiores desafíos da nosa sociedade. Ao construír comunidades diversas e interxeracionais, fomenta a cohesión social e crea espazos de apoio mutuo.

Tania Salgueiros é veciña e médica do Courel. Ela canta e a montaña baila.

San como o rural non hai

Médicas rurais

Non hai mellor tempo que o inverno e os meses de chuvia e neve para parar a pensar na saúde dende unha aldea da montaña. Hoxe veño a contar un pouco da miña visión e experiencia dende o rol de médica e veciña afincada nalgún punto da xeografía courelá, e veño a falar sobre os cuidados, que para min son como unha espiral de voltas infinitas que podería ser descrita eternamente:

Os cuidados entendidos como a busca e acomodación do benestar do corpo, da cabeza, e da contorna.

Os cuidados sostidos polas persoas que nos rodean e polas estruturas do sistema de saúde e servizos sociais aos que contribuímos como habitantes dos nosos lugares.

Os cuidados ligados polos camiños que nos comunican con hospitais e centros de saúde, pola distancia a espazos colectivos onde compartir e sentirse parte.

Os cuidados entendidos dende a cultura na que aprendemos a interpretar a dor, a fortaleza, a resiliencia, a compaixón e a empatía.

Os cuidados traducidos á multiculturalidade dunha sociedade illada que incorpora veciñanza procedente doutros territorios.

Os cuidados, en fin!... Un eixo que nos atravesa toda a vida, e que de forma invisible nos constrúe na nosa individualidade e como sociedade. E por iso, esta pequena escrita.

De tanto pensar niso de coidar, de observar a pacientes e veciñas, de escoitar os seus relatos, e ler as propostas sobre cuidados e saúde que por sorte cada vez se fala máis delas, animeime a argallar un programa de encontros entre coidadoras.

Para isto precísanse varias cousas, unha é saber do que queres falar: neste caso eu quería poñer en valor o coidar, e visibilizar as causas e consecuencias do traballo de cuidados e a súa importancia na comunidade.

Para transmitir isto, precísase un xeito de facelo. Neste caso empreguei unha metodoloxía de intervención comunitaria que aprendín estudando no Centro Marie Langer, e que é a proposta da socióloga Mirtha Cucco, e ten como obxecto de estudo un dos conceptos máis importantes de todo o universo: a vida cotiá. O caso é que con esta preparación aprendín xeitos de coordinar encontros grupais para reflexionar sobre o tema dos cuidados. Hai moitos xeitos de facelo, eu escollín este.

E o máis importante, as interlocutoras do espazo de reflexión, a xente que cuida:

No noso concello, traballan cuidando moitas persoas, na súa grande maioría mulleres. Algunhas teñen o traballo de coidar asalariado, ben traballando nos servizos de axuda no fogar do concello, ben contratos privados por unhas horas, ou ben traballadoras internas (todas elas mulleres migrantes). Tamén hai traballadoras dos cuidados non asalariadas, nos casos dos cuidados dentro da familia.

Para entrar en contacto con todas elas empreguei moito tempo e distintas vías, e contei coa axuda e apoio de compañeiras residentes que traballaron temporalmente comigo: aproveitando as visitas da consulta, falando coa traballadora social, visitándoas nas súas casas...

Ata que por fin comezamos os encontros, a primeira volta foi no outono de 2023, un grupo de 10 veciñas en Ferreirós de Arriba, e un grupo de 5 veciñas de fala árabe en Castro, con axuda dunha tradutora. Falamos sobre que reconforta e que doe cando cuidas, de por que será que somos todas mulleres neste espazo, de por que a culpa ás veces, de que emocións podemos compartir e cales nos custan máis..., rimos, choramos, fixemos teatro, ideamos xuntas xeitos de sentirse mellor, pequenas cousas posibles, pensando na capacidade de transformación que ten xuntarse en grupo a pensar xuntas naquilo que nos atravesa cada día.

Logo xa todas xuntas, fixemos tamén un obradoiro práctico de como cargar en peso a outras persoas dependentes sen mancaros no lombo, e algúns trucos para facilitar os cuidados e o benestar das persoas encamadas. E merendamos xuntas.

Daquela, caín na conta de que conectar o rural co discurso antirracista tamén era unha necesidade, e por iso organizamos un obradoiro antirracista para que viñese

OS COIDADOS NON TENEN
QUE SER PERFECTOS

OS COIDADOS TEÑEN
QUE SER COMPARTIDOS



quen quixer a escoitar e aprender das persoas racializadas as súas experiencias e a pensar no noso lugar na sociedade.

En 2025 repetimos a experiencia do grupo de coidadoras, esta vez en Folgoso. Un grupo de 13 veciñas. Demos voltas sobre o coidar, e tamén merendamos xuntas.

Creo que un xeito de poder contar o que acontece cando un grupo reflexiona sobre o común, é deixarvos algunhas das reflexións que saíron:

“É gratificante compartir os sentimentos”

“Que si que te levas cousas escoitando a outra xente falar, e dáste conta que non estas soa...estamos falando de temas que non se poden falar con moita xente”

“O mellor que levo é que compartimos algo que é como doméstico, pero no fondo é o que repercute na nosa saúde e é importante poñelo enriba da mesa, poñelo en valor”

“O principio pensaba que isto non me serviría para nada, pero agora estou moi agradecida, estame sentando ben”

“Se queremos cambiar, está nas nosas mans que non esteamos predeterminadas”

“A carga está aí, no complexo que é pedir axuda”

“Eu quedo coa idea de crear comunidade...pero despois dáme baixón porque penso...onde está a comunidade? Hai moi pouca xente!...sigo vendo que a comunidade é a solución”

E recollendo o fío das reflexións das miñas veciñas, sobre a comunidade, é imposible non darse conta cando botas un tempo escoitando e observando, algo que o meu traballo no rural como médica me permite, de que hai malestares comúns, e que os espazos onde se xera comunidade melloran o estar xeral das persoas. E penso entón no ben que fai o grupo de calceta, as aulas de pilates, o grupo de música, algún taller de manualidades, as partidas de tute...como fíos que manteñen a pouca

estrutura social que queda nos lugares deshabitados. Algo que é unha obviedade, pero que nos tempos que corren non está mal recordalo unha e outra vez.

E para ir recollendo, e pensando en como concluír este fío de pensamento, vou contarvos algunhas das cousas preciosas que me dixo a miña querida veciña Elva, e que me fixeron pensar moito. Ela coida da súa mamá, e cando falabamos sobre os malestares que xera o ter a carga de coidar a unha persoa dependente, houbo un momento no que ela, con algo de enfado me dixo: “Oe, eu son moi feliz de coidar a miña nai, e encántame coidala”...e claro, isto lévame a pensar en que non se pode concluír falar dos coidados e dos seus atravesamentos sociais, sen pensar na beleza de coidar e coidarse en comunidade.

Elva dixo: *“non creo que coidar no rural sexa diferente, é o mesmo que na cidade. A diferenza vén da atención sanitaria, parécenos que na cidade estamos mellor atendidos porque temos todo máis cerca, e dependendo para que tipo de enfermidades pode ser importante porque che dá mais tranquilidade. (...) A miña opinión en xeral, é que grazas a que aínda hai profesionais aos que lles gusta o rural, sinto que aquí hai mais proximidade, como de coñecidos, de amigos, e isto dá moita tranquilidade”*

E esta é un pouco a conclusión, que coñecemos máis e compartir as nosas necesidades fainos máis fortes. Ter interlocutores que entenden o que nos acontece fainos sentir máis reais, e fainos ver que as transformacións son posibles.

Do grupo de coidadoras en lingua árabe, xurdiu a necesidade de aulas de idiomas, e conseguimos facer un pequeno taller para axudar con iso.

Moitas coidadoras agora teñen máis habilidades coa mobilización de persoas, que comparten con outras familiares amigas e veciñas.

Algunhas animáronse a buscar actividades en comunidade para facer de vez en cando, outras deixaron de sentir tanta culpa por ter de cando en vez un espazo propio, e eu inclúome neste último grupo.

Nestes pequenos cambios, nestas ínfimas cousas das nosas vidas cotiás, están as loitas máis radicais, as que mudan o mundo que nos rodea a un paso tan invisible coma os das placas tectónicas que moven as montañas máis grandes.

E despídome dende o movemento invisible destas placas tectónicas, dende o corazón que latexa na serra, coa frase preciosa que me regalou a Elva...“San como o rural non hai”

Miguel Garcia Nogales

Os mozos que dixeron 'NON'

"**The Boys Who Said NO!**" (Judith Ehrlich, 2020) é un documental sobre o movemento de resistencia pacífica que protagonizaron na década de 1960-1970 os mozos estadounidenses que se negaban a participar na Guerra do Vietnam. O filme é tan interesante como fermoso, e nel poden verse os motivos e os xestos daqueles que, por milleiros, queimaban publicamente as cartillas de recrutamento e preferían ir presos do que portar as armas do Imperio. Vemos o campión do mundo de boxeo, Muhammad Ali, facerse insubmiso "en obediencia ás súas conviccións relixiosas e políticas", e ouvimos Martin Luther King proclamar ante unha multitude que "debemos seguir os ditados da nosa consciencia, mesmo se iso implica quebrantar leis inxustas". Vemos, por iso, a policía detendo e encarcerando pacifistas.

"**Antimilitarismo na Galiza**" (Bieito Lobeira e Manuel Caride, 2025) é un caderno recentemente editado pola fundación Galiza Sempre, no que se fai un repaso histórico polo movemento de insubmisión e obxección de conciencia no noso país. Cando servir no exército español era unha obriga legal para todos os maiores de 18 anos, as rúas enchéronse de antimilitaristas e galeguistas que se negaban a facelo. E os xulgados e os cárceres tamén. Ser perseguido polos tribunais era mellor do que facer parte dun exército alleo e golpista como o español (para moitos, do que facer parte de calquera exército), e o movemento pola insubmisión non só non evitou a represión do Estado, senón que mesmo procurou facela visíbel preferindo as entradas en prisión ás multas económicas ou ás suspensións de condena. Houbo un tempo -non moi afastado- no que unha parte importante da xuventude e da sociedade entendían que o Ben e o Mal non o ditan as leis (nin os políticos que as escriben nin os xuíces que as

MAIS INFORMACIÓN



Sobre o documental "The Boys Who Said NO!"
<https://www.boyswhosaidno.com>



Caderno "Antimilitarismo na Galiza"
https://galizasempre.gal/wp-content/uploads/2025/12/galizasempre-ideasimpresas_11-miolo5.pdf-prepress.pdf



Campaña pola insubmisión fiscal:
<https://nonaogastomilitar.arkipelagos.net/>



O activista David Harris, detido en 1968 por resistirse ao alistamento para ir á guerra do Vietnam

aplican), que o deber moral a miúdo pasa por incumprir normas inxustas, e que a dignidade se manifesta enfrontando as consecuencias desa obediencia ao que a conciencia dita como correcto.

O poder militar é a columna vertebral dos Estados, que non por acaso son definidos politicamente como aquelas institucións que detentan o monopolio da violencia. Por iso, a persecución por parte do poder xudicial daqueles que se negan a portar as súas armas é unha constante histórica tan antiga como as propias guerras. É certo que as desercións e as negativas ao recrutamento a miúdo teñen de fondo o instinto natural de supervivencia, mais tamén é verdade que son multitude os exemplos de insubmisos en tempos de paz, ou pertencentes aos bandos ou rangos militares que menos risco corren no conflito. Son moitos os que prefiren o cárcere a morrer, si, pero nunca faltaron os que preferiron o cárcere a matar, ou sequera a facer parte dese inferno na terra que xera o militarismo, no que os corpos son esnaquizados e as almas son envelenadas con poder, impunidade, dor e vinganza. É probábel, por iso, que as crenzas relixiosas teñan estado sempre entre os principais motivos para desobedecer as leis de recrutamento: é internacionalmente famosa a oposición histórica das

comunidades cuáqueras e amish ao alistamento no exército estadounidense. Talvez non sexa tan coñecido o feito de que de entre os 220 obxectores de conciencia que saíron dos cárceres españois coa Lei de Amnistía de 1977, perto de 200 eran Testemuñas de Xehová.

Os movementos de deserción e insubmisión aos exércitos son unha referencia histórica de compromiso e dignidade que debe ser rescatada e actualizada nun presente no que volven a soar tambores de guerra, e a posibilidade de reimplantar o servizo militar obrigatorio vai sendo introducida no debate público e na axenda política de moitos estados europeos. Nun tempo, de feito, no que as policía europeas -incluída a española- xa están a perseguir desertores ucraínos, e case non se oen voces de protesta. Pero, sobre todo, nun tempo no que a principal colaboración que xa se está a solicitar de toda a cidadanía coa NATO de Donald Trump é a contribución fiscal co militarismo a través dos orzamentos públicos. Desobedecer a imposición de financiar o exército, secundando a campaña en favor da obxección fiscal que ano tras ano promoven colectivos pacifistas e antimilitaristas, é un valioso exercicio de compromiso cos que, en toda parte e en todo tempo, asumiron e asumen con dignidade as consecuencias de dicir NON.



Ó MEU CARÓN

Deus, onde estás?
Pregunto.

Anque xa sei,
que estás aquí ó lado,
preciso chamarte
e constatar-te na miña beira.

Coma unha nena
que chama pola súa nai
aínda estando no seu colo.

PARKING

Un parking tamén é lugar de Deus.
Deus tamén arrola ós que dormen aquí.
E está coa xente que ven e vai,
que sae correndo,
que chega cargada,
que marcha falando...

Arriba, na rúa,
as luces das farolas
están a piques de iluminarse.
E o run-run dos outros [motores]
que non dormen coma os que aquí me acompañan,
fan de canto de berce.

Un parking tamén pode ser un lugar
onde sentarse con Deus
para falar
e contarlle cómo foi.

Aquí, tamén te podes sentir acompañada,
aunque para escribir
non sexa o máis cómodo.

Influencers

Martina (A Coruña, 1996), tras o seu paso laboral dentro do mundo da moda, descobre a cara máis escura do fast fashion e entendeu que a súa forma de consumir roupa non era inocua, senón que tiña un impacto no planeta. Dende esa toma de conciencia comeza un camiño no consumo consciente e na divulgación sobre o mesmo. No seu traballo en redes, Martina investiga e publica sobre marcas sostibles, fomenta a reutilización e reciclaxe das prendas, aposta pola segunda man e crea comunidade a través desta estratexia de decrecemento.

<https://martinalubian.com/>
https://www.instagram.com/martina_lubian/
https://www.tiktok.com/@martina_lubian
https://www.youtube.com/@martina_lubian

Podcast

Exército Mekemeke: “Ola parroquia!!” Así inicia Carlos Vieito o podcast Exército Mekemeke, que ademais conta coa colaboración de Lidia Veiga e Xubi. Neste podcast poden facer unha festa de fin de ano, falar da vivenda ou de dereita extrema cunha estética pop xeracional a cabalo entre os nostáxicos dousmiles e os aínda máis nostáxicos noventas.

Podcast de humor que aborda diferentes temáticas con ironía e retranca, de maneira lixeira e divertida, aderezado con minions, funkos e referencias culturais galegas.

Neste exército non hai armas, non hai estratexia militar soamente risas, caos e a gloriosa misión de sacar os oíntes da realidade por media hora.


<https://www.instagram.com/exercitomekemeke>
<https://x.com/mekemekearmy>
<https://www.facebook.com/exercitomekemeke>
<https://www.youtube.com/@exercitomekemeke>
<https://www.tiktok.com/@exercitomekemeke>

Colectivos

Identidad Marrón: Un grupo de persoas marróns, fillas e netas de indíxenas e campesiñas de América, unidas para debater sobre o racismo estrutural en Latinoamérica e buscar respostas a iso. O Colectivo Identidade Marrón tivo a súa primeira aparición pública en 2015 nunha marcha do orgullo LGTBQ+, e hoxe está integrado por máis de 100 persoas, artistas e profesionais racializados, que se propoñen reflexionar sobre a identidade e cuestionar as prácticas racistas. É interesante a perspectiva sobre o racismo dende a óptica do sur mundial, é dicir, se en Europa ou Estados Unidos, a noción de racismo está identificada dende o imperialismo ou dende a escravitude, en Latinoamérica o problema é unha cuestión económica e de clase, por iso falan en Identidad Marrón de clasismo.

<https://www.facebook.com/identidadmarron/>
<https://www.instagram.com/identidadmarron/>

Rubén Aramburu



*“O vento sopra onde quere e ti séntelo zoar
pero non sabes de onde vén nin para onde vai.
Así pasa con todo aquel que naceu do Espírito”*

SERMOS LIBRES COMA O VENTO

Impresionoume sempre este texto do evanxeo de Xoán. Aprendín desde neno a lingua dos ventos, e coñezo o nordés, o vendaval, o leste, o norte... sei o que acontece cando sopra segundo que vento. Por iso este texto é desconcertante. O que ten de interese, é que desconcerta. Desconcerta porque non fala de guión nin de directrices, senón de sermos libres coma o vento. Pídenme as xentes de Irimia que remexa nos faiados da memoria para atopar historias eólicas. Non cansaba Pepe Chao de falar dese vento feminino, materno espírito: a ruajhebrea (alento, vento, espírito). Subo logo, ao faiado e remexo entre caixas e carpetas e vou sacando soños, algúns esquecidos; outros foron ben importantes para a nosa historia crente e galega. Velaí o primeiro arquivo:

Os coloquios de cristiáns galegos

Tamén chamados europeos, coloquios de crentes, ou simplemente coloquios foron unha experiencia de vento e espírito que se desenvolveu en Galicia entre 1966 e 1987. Todo comezou cos Coloquios Europeos de Parroquias un encontro que nace en Francia en 1961, un ano antes do Concilio Vaticano II (1962-1965). Curas de distintos países de Europa comezaron a reunirse cada dous anos, motivados por actualizar o cristianismo nun mundo que mudaba con rapidez. Estes coloquios existen na actualidade e reúnen cada dous anos nun país distinto. Chao Rego foi o primeiro cura galego que participou nun dos Coloquios e quedou encargado de organizar a actividade en Galicia.

No comezo eran encontros de párrocos, onde se discutía un documento e se aprobaban propostas pastorais. Co tempo evolucionou coa participación de relixiosos e leigos, adquirindo tamén un claro

compromiso galeguista e denominándose Coloquios de Cristiáns Galegos e tamén de Crentes galegos. No IV coloquio celebrado en Santiago no 1968 aceptouse a proposta do cura de Aguiño, Francisco Lorenzo Mariño, de que os coloquios se desenvolveran en galego. Pepe Chao ten confesado que foi Paco de Aguiño quen o converteu en galegofalante. Non temos espazo nestas páxinas para resumir os 25 coloquios celebrados en Galicia. Contarvos que se trataron todo tipo de temas sobre a Igrexa en Galicia, e tamén sobre a sociedade galega e os seus problemas ata tal punto que no ano 1977 o XIV Coloquio, que se celebraba no mosteiro de Poio, foi rodeado pola policía armada, e o Gobernador Civil de Pontevedra prohibiu o encontro, que foi adiado e celebrouse finalmente en Santiago.

Os Coloquios foron berce de moitas outras experiencias eólicas que viñeron co paso dos anos: A Romaxe de Crentes Galegos, a Asociación e a revista IRIMIA, Encrucillada, a Asemblea conxunta de curas e bispos, o Concilio Pastoral de Galicia...destas e outras experiencias iremos falando nestes Arquivos do Vento.

Para saber máis, entre outros, recomendamos:

X. M.R Pampín, “Nova conciencia da Igrexa Galega” ed. Sept. (Estudo sobre os 12 primeiros coloquios)

Francisco Carballo, “Os Coloquios Galegos de Cristiáns” Encrucillada nº 53

Victorino P. Prieto, “Galegos e cristiáns” Sept. 1994
Chao Rego “O Demo Meridiano”, Xerais 2004.

Lois Ferradás na revista Estudos Mindonienses nº 38, 2025:
Coloquios e Romaxes. A Igrexa galega en estado de misión.

! HEIL HITLER!

... por un grupo de obxectores de conciencia (ilegais)

¡Un, dous!, ¡un, dous!, ¡un, dous!... tres, catro, cinco, seis, sete, oito... ¡maaaambo ¡Cantos somos xa os que estamos pola paz!, e polo desarme, en contra de calquer forma de totalitarismo, militarismo, colonialismo, e de todo xeito de vexación contra o ser humano.

Os tempos son chegados en que a paz deixe de ser unha utopía, para facerse vida.

Porque loitamos pola paz, non deixamos na man dos exércitos (mano dura) o destino do mundo. Afortunadamente, cada día máis xente toma conciencia desto á distintos niveis.

Hai quen toma conciencia ó nivel do mar da meseta, ou da alta montaña; igual que hai quen o toma á coña, quen o toma "solo", con leite, ou descafeinado; como hai quen non o toma porque é abstemio.

Nestes niveis de conciencia hai quen di que no tema da paz non se pode facer nada, que sempre foi así e seguirá sendo. Outros pensan que todo canto se pode facer é pacificarnos nós mesmos por dentro, e de vez en cando publicar unha nota pseudo-informativa na prensa.

Un terceiro grupo de xente concienciada e implicada no tema, pensa que se pode facer bastante nesta búsqueda da paz, tanto, que ata é posible unha paz así de grande... moi

grande, TOTAL.

Pasamos de falar dos que non fan nada e diremos ós que fan pouco (e non é que nós fagamos moito) que por que non facer entro toda realidade esa utopía chamada paz.

Por exemplo, se os bispos e todo o clero están convencidos de que a paz é tarefa de todos, tal e como aseguran algúns deles nas súas pastorais, ¿por que non din claramente e dunha vez por todas, que a consecución da paz pasa por cousas tan concretas, como poden ser: a desaparición do servizo militar, a supresión de gastos militares nos presupostos públicos para seren dedicados a necesidades perentorias?

Neste senso a Igrexa debería aclarar certas contradicións, como o feito de que haxa curas militares, paramilitares, e promilitares. ¿Por que os distintos poderes fácticos e mesmo o propio goberno non recoñecen a *obxección de conciencia* como unha postura pacífica, pacifista e pacificadora? ¿Por que ós obxectores—as nos consideran: delinquentes, cobardes, antipatriotas, e cando menos ilegais, delito castigado hoxe por hoxe coa Lei de Obxección de Conciencia?

Suso e Manolo

IRIMIA nº 169 (27, xaneiro, 1985)

Há mais de quarenta anos que fazemos *Irimia*. O primeiro verso do acróstico que encabeçava a revista era "Imos facendo memoria", e mesmo "facendo outra historia". O número 1 aparecera en novembro de 1981, em formato a metade de pequeno e só 8 páginas; comouma humilde folha paroquial semanal, que de feito se repartia em muitas igrejas paroquiais. O formato atual —II época—começara em janeiro de 1985 com 12 págs. e o lema "ou medra ou morre".

O primeiro artigo que escolhemos para esta secção da nova *Irimia* está tomado do nº 169 (27, janeiro, 1985). Escolhemo-lo porque nos parece que quadra perfectamente co tema que sobrevoa o número: a paz. Tema que em *Irimia* foi sempre reiterativo, pois os irimegos sempre apostamos pela paz; por isso fizemos

daquela campanha contra a entrada de Espanha na OTAN. Estávamos contra qualquer forma de militarismo e colonialismo, como se pode ler aqui.

O artigo leva um título profético: "Heil Hitler!"; quarenta e cinco anos depois poderia ser "Heil Trump!". O militarismo que se criticava daquela, resulta atual pelo crescimento exponencial do gasto militar e o rearme nuclear.

Estava escrito por um coletivo que hoje os mais novos só conhecem pelos livros de História: Um grupo de obxectores de consciéncia. A objeção de consciéncia era a insubmissão de uns moços contra a obrigatoriedade do servizo militar em Espanha; daquela ainda presente no país coma um remorso mais do franquismo. Eram ilegais, e mesmo alguns deles pagaram coacadeia o feito de não querer formar-se para a guerra.



IRIMIA

N° 1078 PRIMAVERA 2026 ANO XLIV